



Ámbito da comunicación

Educación a distancia semipresencial

Módulos 3 e 4

Anexo Literatura

Índice

1.	Literatura galega	3
1.1	Principais recursos formais da lírica galego-portuguesa.....	3
1.2	Escolma de textos en galego	4
1.2.1	Idade Media.....	4
1.2.2	Séculos Escuros.....	8
1.2.3	Precusores.....	9
1.2.4	Rexurdimento.....	10
	(De <i>Aires da miña terra</i>)	15
1.2.5	Século XX.....	16
1.2.6	A Xeración Nós	17
1.2.7	Vangardas.....	24
1.2.8	Literatura de posguerra.....	26
1.2.9	Literatura de posguerra.....	49
1.2.10	Poesía actual.....	52
2.	Literatura castellana	58
2.1	Principales recursos literarios.....	58
2.2	Antología de textos en castellano	62
2.2.1	Edad Media	62
2.2.2	Renacimiento	67
2.2.3	Barroco.....	73
2.2.4	Neoclasicismo	80
2.2.5	Romanticismo.....	83
2.2.6	Realismo y Naturalismo	85
2.2.7	Modernismo.....	87
2.2.8	Generación del 98.....	89
2.2.9	Novecentismo y vanguardias	92
2.2.10	Generación del 27	93
2.2.11	La poesía durante la dictadura.....	97
2.2.12	La novela durante la dictadura	101
2.2.13	El teatro durante la dictadura	104
2.2.14	La poesía durante la democracia	107
2.2.15	La novela durante la democracia	109
2.2.16	El teatro durante la democracia	112
3.	Literatura hispanoamericana	115
3.1	Poesía	115
3.2	Narrativa hispanoamericana	118

1. Literatura galega

1.1 Principais recursos formais da lírica galego-portuguesa

- **Paralelismo:** Consiste na repetición literal de grande parte dun verso en varias estrofas e na mesma altura estrutural.
- **Leixapren** (deixa e prende): Consiste nunha repetición do verso en cobras alternas. Non se dan en estrofas consecutivas. Adoita ser o último verso da 1ª cobra co 1º verso da 3ª cobra. Ás veces pode darse Paralelismo e Leixapren.
- **Cobras dobras:** Igualan os sons en rima de dúas en dúas cobras. Teñen dúas combinacións posibles: 1ª e 2ª entre sí 3ª e 4ª entre si// 1ª e 4ª, 2ª e 3ª.
- **Cobras alternas:** Neste caso igualarían os sons de rima: 1ª e 3ª // 2ª e 4ª.
- **Cobras ternas:** As rimas igualan de 3 en 3 estrofas (as 3 primeiras por un lado e as 3 últimas por outro).
- **Palabra Rima:** Se aparece unha palabra en posición de rima en distintas estrofas, no mesmo número de verso.
- **Dobre:** Característico da nosa escola lírica. Unha palabra que se repite na mesma altura estrutural en toda e cada unha das cobras. Se falla nunha xa non hai dobre. Diferénciase da palabra rima que o dobre non está en posición de rima.
- **Mordobre ou Mozdobre:** Palabra derivada. Normalmente aparece sobre un verbo aínda que tamén se pode dar en nomes. Serve para poñer de relevo unha idea.
- **Palabra Perduda:** Un verso que non rima con ningún outro da súa cobra e fica solto. Se aparece unha palabra perduda na 1ª cobra debe aparecer en todas.
- **Finda:** É unha estrofa máis breve situada ao final da cantiga que resume o seu contido.
- **Atá-finda:** Consiste na unión de estrofas con encabalgamentos ata chegar á finda. A frase iniciada no último verso dunha estrofa complétase na seguinte.

1.2 Escolma de textos en galego

1.2.1 Idade Media

Martín Codax

Ondas do mar de Vigo,
se vistes meu amigo?
E ai Deus! se verrá cedo?
Ondas do mar levado,
se vistes meu amado?
E ai Deus! se verrá cedo?
Se vistes meu amigo,
o por que eu sospiro?
E ai Deus! se verrá cedo?
Se vistes meu amado,
por que hei gran coidado?
E ai Deus! se verrá cedo?

Pero Meogo

Levóus' a louçana, levóus' a velida,
vai lavar cabelos na fontana fría,
leda dos amores, dos amores leda.

Levóus' a velida, levóus' a louçana,
vai lavar cabelos na fría fontana,
leda dos amores, dos amores leda.

Vai lavar cabelos na fontana fría,
passou seu amigo que lhi ben quería,
leda dos amores, dos amores leda.

Vai lavar cabelos na fría fontana,
passa seu amigo que muit' a amava,
leda dos amores, dos amores leda.

Passa seu amigo que lhi ben quería,
o cervo do monte a auga volví,
leda dos amores, dos amores leda.

Passa seu amigo que a muito amava
o cervo do monte volví a auga,
leda dos amores, dos amores leda.

Meendinho

Sedia-m' eu na ermida de San Simión
e cercaron-mi-as ondas que grandes son.
Eu atendend' o meu amigu! E verrá?

Estando na ermida, ant' o altar,
cercaron-mi-as ondas grandes do mar.
Eu atenden[d'o meu amigu! E verrá?]

E cercaron-mi-as ondas que grandes son:
non ei [i] barqueiro nen remador.
Eu [atendend'o meu amigu! E verrá?]

E cercaron-mi-as ondas do alto mar:
non ei [i] barqueiro nen sei remar.
Eu aten[dend'o meu amigu! E verrá?]

Non ei i barqueiro nen remador:
morrerei [eu], fremosa, no mar maior.
Eu aten[dend'o meu amigu! E verrá?]

Non ei [i] barqueiro nen sei remar:
morrerei eu, fremosa, no alto mar.
Eu [atendend'o meu amigu! E verrá?]

Bernal de Bonaval

A dona que eu am'e tenho por senhor
amostrate-mi-a, Deus, se vos em prazer for,
se nom dade-mi-a morte.

A que tenh'eu por lume d'estes olhos meus
e por que choram sempre, amostrate-mi-a, Deus,
se nom dade-mi-a morte.

Essa que vós fezeistes melhor parecer
de quantas sei, ai Deus!, fazedo-mi-a veer,
se nom dade-mi-a morte.

Ai, Deus! qui mi-a fezeistes mais ca mim amar,
mostrate-mi-a u possa com ela falar,
se nom dade-mi-a morte.

Don Dinís

Quer'eu em maneira de proençal
fazer agora un cantar d'amor,
e querrei muit'i loar mia senhor
a que prez nen fremusura non fal,
nen bondade; e mais vos direi en:
tanto a fez Deus comprida de ben
que mais que todas las do mundo val.
Ca mia senhor quiso Deus fazer tal,
quando a faz, que a fez sabedor
de todo ben e de mui gran valor,
e con todo est'é mui comunal
ali u deve; er deu-lhi bon sen,
e des i non lhi fez pouco de ben,
quando non quis que lh'outra foss'igual.
Ca en mia senhor nunca Deus pôs mal,
mais pôs i prez e beldad'e loor
e falar mui ben, e riir melhor
que outra molher; des i é leal
muit', e por esto non sei o'jeu quen
possa compridamente no seu ben
falar, ca non á, tra-lo seu ben, al.

Pero da Ponte

Se eu podesse desamar
a quen me sempre desamou,
e podess' algún mal buscar
a quen mi sempre mal buscou!
Assy me vingaria eu,
*se eu podesse coyta dar,
a quen mi sempre coyta deu.*

Mays sol non posso eu enganar
meu coração que m' enganou,
per quanto mi faz desejar
a quen me nunca desejou.
E per esto non dormio eu,
*porque non poss' eu coita dar
a quen mi sempre coyta deu.*

Mays rog' a Deus que desampar
a quen mh' assy desamparou,
ou que podess' eu destorvar
a quen me sempre destorvou.
E logo dormiria eu,
*se eu podesse coyta dar,
a quen mi sempre coyta deu.*

Vel que ousass' en preguntar
a quen me nunca preguntou,
per que me fez en ssy cuydar,
poys ela nunca en min cuydou.
E por esto lazero eu,
*porque non poss' eu coyta dar,
a quen mi sempre coyta deu.*

<p>María Pérez, a nossa cruzada, quando veo da terra d'Ultramar, assí veo de pardón carregada que se non podía con el emerger; mais furtan-lho, cada u vai maer, e do perdón ja non lhi ficou nada.</p> <p>E o perdón é cousa mui preçada e que se devía mui'ta guardar; mais ela non ha maeta ferrada en que o guarde, nen a pod'haver, ca, pois o cadead'én foi perder, sempr'a maeta andou descadeada.</p>	<p>Tal maeta como será guardada, pois rapazes albergan no logar, que non haja seer mui trastornada? Ca, o logar u eles han poder, non ha pardón que s'i possa ascon- der, assí saben trastornar a pousada! E outra cousa vos quero dizer: atal pardón ben se dev'a perder, ca muito foi cousa mal gaanhada.</p>

Martim Soares

<p>Foi un día Lopo jogar a cas dun infançon cantar, e mandou-lh'ele por don dar tres couces na garganta; e fui-lh'escass', a meu cuidar, segundo com'el canta.</p> <p>Escasso foi o infançon en seus couces partir entón, ca non deu a Lopo, entón, máis de tres na garganta; e máis merece o jogarón, segundo com'el canta.</p>
--

Afonso X

CANTIGAS DE SANTA MARÍA	
Esta é de loor de Santa Maria, com' é fremosa e bõa e á gran poder.	
<p>Rosa das rosas e Fror das frores, Dona das donas, Senhor das sennores. Rosa de beldad' e de parecer e Fror d'alegria e de prazer, Dona en mui piadosa seer, Senhor en toller coitas e doores. <i>Rosa das rosas e Fror das frores...</i></p> <p>Atal Senhor dev' ome mui't' amar, que de todo mal o pode guardar; e pode-l' os peccados perdõar, que faz no mundo per maos sabores. <i>Rosa das rosas e Fror das frores...</i></p>	<p>Devemo-la mui't' amar e servir, ca punna de nos guardar de falir; des i dos erros nos faz repentir, que nos fazemos come pecadores. <i>Rosa das rosas e Fror das frores...</i></p> <p>Esta dona que tenno por Senhor e de que quero seer trobador, se eu per ren poss' aver seu amor, dou ao demo os outros amores. <i>Rosa das rosas e Fror das frores...</i></p>

1.2.2 Séculos Escuros

O PRANTO DA FROUXEIRA	
<p>A min chaman Todomira, señora do gran tesouro; por estrela clarecida xago neste Valedouro.</p> <p>Mais traidor foi que un mour o vilán que me vendeu que de Lugo a Ribadeu todos me tiñan tremour.</p> <p>De min, a triste Frouxeira que por traición foi vendida derrubada na ribeira, que xamais se veu vencida.</p> <p>Por traición tamén vendido Xesús noso Redentor, e por aquestes traidores Pero Pardo, meu señor.</p>	<p>Vintedous foron chamados os que vendido lo han, non por fame de sustento, de carne, viño nin pan.</p> <p>Nin por outro menester que falsean de bondade senón por súa vilancia e mais por mala intención.</p> <p>Eles quedan por traidores e o seu amo por leal, pois os reis á súa filla as súas terras mandan dar.</p> <p>A Deus darán contadelo, que lles queira perdoar, co que acabou a Frouxeira e a vida do Mariscal...</p>

Pedro Vázquez de Neira

RESPICE FINEM
<p>Morte cruel, esa tredora maña de roubar de non cato a humana vida ¿con qué ollos a podeche ver cumprida na Santa Reina que hoxe perde España? Se aquel rancor que te carcome e laña che tiña a mao para matar erguida, ¿non deras noutra parte esa ferida donde non fora a lástima tamaña? ¿Non se torcera fatal costume í a lei que iguala do morrer na sorte os altos Reis cos baixos labradores? Terrible en fin, é teu poder, ¡ouh Morte!, pois diante de ti, Reis e señores son néboa, sombra, pó, son vento e fume.</p>

Padre Martín Sarmiento

<p>Y es bárbara crueldad y necedad excusada que unos forasteros enseñen a los niños gallegos mediante la lengua castellana que no saben, la lengua anticuada que no deben saber, y castigándoles si se les escapa alguna voz o frase gallega de las que han mamado. Todo maestro de Gramática que no fuera gallego y erudito en su lengua patria, se debe excluir de ser maestro de niños gallegos, aunque sea un Cicerón o un Quintiliano.</p> <p>*****</p> <p>No pocas veces he pensado en cuál ha sido la causa de que en Galicia se haya introducido el uso o abuso de y escribir en castellano lo que antes se escribía o en latín o en gallego. No habiendo pues precedido ni concilio, ni cortes, no consentimiento uniforme de los gallego para actuar, otorgar, comerciar en lengua castellana, ¿Quién lo introdujo?"</p>
<p>(De <i>Os Elementos Etimológicos según el método de Euclides</i>).</p>

1.2.3 Precursores

Xoán Manuel Pintos

A GALICIA
Óu Galicia, Galicia boi de palla Canta lástima tèn de ti o Gaiteiro! O aguillon que che menten è de aceiro E con el muita forza te asoballa. No lombo teu zorrega, bate e malla Fasta o máis monicreque ferrancheiro, E calesquer podenco forasteiro Te vafa, de vergonza sin migalla! Agarima alleeira eses ingratos Ou vívoras que postas ò teu peito Co ferrete che rompen mil buratos! Si o sangue teu refugas do teu leiteo, Malas novas, madраста de insensatos, Dos fillos teus ò amor non tès dereito.
(De <i>A gaita gallega</i>)

Francisco Añón

"A LEITEIRA"	
Érgome a'o abrir d'o dia inda alumea o luceiro, e'en chegando a algun regueiro bautizo con auga fría o leite d'o meu pucheiro, porque mellor aproveite, ¿Quén merca o leite?	E desperta algun señor abrazando à compañeira entre suspiros d'amor, pero gracias à Leiteira qu'entre seus brazos a estreite, ¿Quén merca o leite?
Madrugueiros estudantes hacho ò pasar pol-a veiga e deteñenm'os tunantes pedindo nata, manteiga, e que sei eu.... Banadantes! mal fogo de Diol-os-deite, ¿Quén merca o leite?	Corro a Vila sin parar n'a cabeza pósta a cesta que relouco por comprar un adrezo para a festa, figa, rosario e pieite, ¿Quén merca ó leite?
Cando eu entro pol-a Vila todos inda están n'a cama in doce calma tranquila, ¿quén de sono os espavila? eu que vou chama que chama hastra qu'algun s'endireite, ¿Quén merca o leite?	Tamen hey comprar xabon e unha cartilla de aceite, mas ¡ay! dou un tropezon, adios figa, adios pieite; ¡Dios mio! ¡qué compasion! adios adrezo, adios leite!!!

"A GALICIA"	
<p>¡Ail, esperta, adorada Galicia dese sono en que estás debruzada; do teu rico porvir a alborada polo ceo enxergándose vai.</p> <p>Xa cantando os teus fillos te chaman, e cos brazos en cruz se espreguizan... ¡Malpocados! o que eles cobizan é un bico dos labios da nai.</p> <p>Dese chan venturoso arrincado pola man do meu negro destino, astra mesmo soñando maxino eses campos risoños cruzar.</p> <p>E correr polas hortas e prados onde leda pasou miña infancia, respirando a suave fragancia de xazmín, caravel, azahar.</p>	<p>Coido ver esa rías serenas, escumando, con barcos veleiros, e cantares oír feiiceiros, que en ningures tan dóces oín.</p> <p>Inda creo senti-las lavercas, que peneiran nos aires cantando, cando o sol vai as nubes pintando de amarelo, de lume e carmín.</p> <p>...</p> <p>Eu soñei ver no cume do Pindo, adornados de mirto e loureiros, escritores, poetas, guerreiros, que sorrindo se daban a man.</p> <p>Eran eses os fillos mais caros que da pátria aumentaron a gloria; os seus nomes nos fastos da historia con diamantes grabados serán.</p>

1.2.4 Rexurdimento

Rosalía de Castro

<p><i>Adiós, ríos; adiós, fontes; adiós, regatos pequenos; adiós, vista dos meus ollos: non sei cando nos veremos.</i></p> <p>Miña terra, miña terra, terra donde me eu criei, hortiña que quero tanto, figueiriñas que prantei,</p> <p>prados, ríos, arboredas, pinares que move o vento, paxariños piadores, casiña do meu contento,</p> <p>muíño dos castañares, noites craras de luar, campaniñas trimbadoras da igrexiña do lugar,</p> <p>amoriñas das silveiras que eu lle daba ó meu amor, camiños antre o millo, ¡adiós, para sempre adiós!</p> <p>¡Adiós groria! ¡Adiós contento, ¡Deixo a casa onde nacín, deixo a aldea que conoso por un mundo que non vin!</p> <p>Deixo amigos por extraños, deixo a veiga polo mar, deixo, en fin, canto ben quero... ¡quen pudiera no o deixar...!</p>	<p>Adiós, adiós, que me vou, herbiñas do camposanto, donde meu pai se enterrou, herbiñas que biquei tanto, terriña que nos criou.</p> <p>Adiós Virxe da Asunción, branca com'un serafín: lévovos no corasón; pedídlle a Dios por min, miña Virxe da Asunción.</p> <p>Xa se oien lonxe, moi lonxe, as campanas do Pomar; para min, ¡ai!, coitadiño, nunca máis han de tocar.</p> <p>Xa se oien lonxe, máis lonxe... Cada balada é un dolor; voume soio, sin arrimo... Miña terra, ¡adiós!, ¡adiós!</p> <p>¡Adiós tamén, queridiña...! ¡Adiós por sempre quizais...! Digoche este adiós chorando desde a beiriña do mar.</p> <p>Non me olvides, queridiña, si morro de soldás tantas légoas mar adentro... ¡Miña casiña!, ¡meu lar!</p>
---	---

*Castellanos de Castilla,
tratade ben ós galegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros.*

Cando foi, iba sorrindo,
cando ven, viña morrendo;
a luciña dos meus ollos,
o amantiño do meu peito.

Aquel máis que neve branco,
aquele de dozuras cheo,
aquele por quen eu vivía
e sen quen vivir non quero.

Foi a Castilla por pan
e saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida.
peniñas por alimento.

Déronlle, en fin, canto amargo
ten a vida no seu seo...

¡Casteláns, casteláns,
tendes corazón de fero!

¡Ail, no meu corazónciño
xa non pode haber contento,
que está de dolor ferido,
que está de loito cuberto.

Morreu aquel que eu quería
e para min non hai consolo:
so hai para min, Castilla,
a mala lei que che teño.

Permita Deus, casteláns,
casteláns que aborrezco,
que antes os galegos morran
que ir a pedirvos sustento.

Pois tan mal corazón tendes,
secos fillos do deserto,
que se amargo pan vos gañan,
dádesllo envolto en venero.

Aló van, malpocadiños,
todos de esperanzas cheos,
e volven, ¡ail!, sen ventura
cun caudal de desprezos.

Van probes e tornan probes,
van sans e tornan enfermos,
que anque eles son como rosas,
tratádelos como negros.

¡Casteláns de Castela,
tendes corazón de aceiro,
alma coma as penas dura,
e sen entrañas o peito!

En tros de palla sentados,
sen fundamentos, soberbios,
pensas que os nosos filliños
para servirvos naceron.
E nunca tan torpe idea,
tan criminal pensamento
coubou en máis fatuas cabezas
ni en máis fatuos sentimentos.

Que Castela e Casteláns,
todos nun montón, a oito,
non valen o que unha herbiña
destes nosos campos frescos.

Só pezoñosas charcas
detidas no ardente solo tes,
Castela, que humedezan
eses teus labios sedentos.

Que o mar deixoute esquecida
e lonxe de ti correron
as brandas augas que traen
de plantas sen sementeiros.

Nin árbores que dean sombra,
nin sombra que preste alento...
Chaira e sempre chaira,
deserto e sempre deserto...

Esto che tocou, coitada,
por herdanza no universo,
¡miserable fanfurrineira!
triste herdanza foi por certo.

En verdade non hai, Castela,
nada coma ti tan feo,
que aínda mellor que Castela
valera dicir inferno.

¿Por que aló fuches, meu ben?
¡Nunca tal houberas feito!
¡Trocar campiños floridos
por tristes campos sen rego!

¡Trocar tan claras fontiñas,
ríos tan murmuradores
por seco polbo que nunca
mollan as bágoas do ceo!

Mais, ¡ail!, de onda min te fuches
sen dó do meu sentimento,
e aló a vida che quitaron,
aló a mortoiña che deron.

Morriches, meu queridiño,
e para min non hai consolo,
que onde antes te vía, agora,
xa solo unta tomba vexo.

Triste como a mesma noite,
farto de dolor o peito,
pidolle a Deus que me mate,
porque xa vivir non quero.

Mais en tanto non me mata,
casteláns que aborrezco,
hei, para vergonza,
heivos de cantar xemendo:

¡Casteláns de Castela,
tratade ben ós galegos:
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros!

(De Cantares Gallegos)

Unha vez tiver un cravo
cravado no corazón,
i eu non me acordo xa se era aquel cravo
de ouro, de ferro ou de amor.
Soio sei que me fixo un mal tan fondo,
que tanto me atormentou,
que eu día e noite sin cesar choraba
cal chorou Madanela na pasión.
"Señor, que todo o podedes
-pedinlle unha vez a Dios-
daime valor para arrincar dun golpe
cravo de tal condición".
E doumo Dios, arrinqueino,
mais...¿quen pensara...? Despois
xa non sentin máis tormentos
nin soupen que era delor;
soupen só que non sei que me faltaba
en donde o cravo faltou,
e seica, seica tiveren soidades
daquela pena...¡Bon Dios!
Este barro mortal que envolve o espírito
¡quen o entenderá, Señor...!

Mais ve que o meu corazón
É unha rosa de cen follas,
I é cada folla unha pena
que vive apegada noutra.
Quitas unha, quitas dúas:
penas me quedan de sobra;
hoxe dez, mañán corenta,
desfolla que te desfolla.
¡O corazón me arrincarás
desque as arrincares todas!

(De *Follas Novas*)

Tecín soia a miña tea,
sembrei soia o meu nabal,
soia vou por leña ó monte,
soia a vexo arder no lar.
Nin na fonte nin no prado,
así morra coa carrax,
el non ha de virm'a erguer,
el xa non me pousará.
¡Que tristeza! O vento soa,
canta o grilo ó seu compás...
Ferve o pote... mais, meu caldo,
soíña t'hei de cear.
Cala, rula, os teus arrulos
ganas de morrer me dan;
cala, grilo, que si cantas,
sinto negras soídás.
O meu homiño perdeuse,
ninguén sabe en onde vai...
Anduriña que pasache
con el as ondas do mar;
anduriña, voa, voa,
ven e dime ond'está.

(De *Follas Novas*)

OS PINOS (Fragmento)	
<p>Que din os rumorosos Na costa verdecente, Ó rayo trasparente, Do prácido luar...?</p> <p>Que din as altas copas D'escuro arume arpado, Co seu ben compasado, Monótono fungar...?</p> <p>Do teu verdor cingido, É de benignos astros, Confin dos verdes castros, E valeroso clán,</p> <p>Non dés a esquecemento, Da injuria o rudo encono; Desperta do teu sono, Fogar de Breogán.</p>	<p>Os boos e generosos, A nosa voz entenden; E con arroubo atenden, O noso rouco son;</p> <p>Mas, só os ignorantes, E féridos e duros, Imbéciles e escuros No-nos entenden, non.</p> <p>Os tempos son chegados, Dos bardos das edades, Q'as vosas vagueidades, Cumprido fin terán;</p> <p>Pois donde quer gigante, A nosa voz pregóa, A redenzón da bóa Nazón de Breogán.</p>

<p>Meniña, rapaza nova, Ou rosa de Corcoésto; Que te brandéas con gracia, Os doces sopros do vento: S' hé certo que por tí vivo S' hé certo que por tí peno; Se tan doce é dadvosa, Como din que és, hé certo; Cúrame, ou rapariga, Estas suidades que teño: Estas suidades da alma, De non sei qué, que padezo; Ti téas dos meus males a doce manciña, Ou rosa de Corcoésto.</p>	<p>Pilléina antr' os pinos soa, Alba de medo tornóu; Quixo fugir, mais non pudo, (Que sabe que peixe eu son.) Rogárame de rodillas, De rodillas me rogóu; Tembróu como á vara verde, Q' estremece a virazon. Cal quen teme ser oída, Dixo:—<i>Pídocho por Dios...!</i> —<i>Estás fresca!</i> lle contesto, <i>Vénte á min con oracions:</i> <i>Non solta nunca o raposo,</i> <i>A galiña que pillóu;</i> <i>Hastra zugárlle o mel todo,</i> <i>Non solta a fror o abellon;</i> <i>Nin á branca e doce pomba,</i> <i>Larga o montesío azor.</i></p>
---	--

<p>Nobre e harmoniosa fala de Breogán, fala boa, de fortes e grandes sen rival; ti do celta aos ouvidos sempre soando estás como soan os pinos na costa de Froxán; ti nos eidos da Celtia e co tempo serás un lábaro, sagrado que ao triunfo guiará, fala nobre, harmoniosa, ¡fala de Breogán!</p>	<p>Ti, sinal misterioso dos teus fillos serás que polo mundo dispersos e sen abrigo van; e a aqueles que foran nunha pasada edá defensores dos eidos contra o duro román e que aínda cobizan da terra a libertá, nun pobo nobre e forte, valente, axuntarás, ¡oh, fala harmoniosa, fala de Breogán!</p>	<p>Serás épica tuba e forte sen rival, que chamarás aos fillos que aló do Miño están, os bos fillos do Luso, apartados irmáns de nós por un destino envexoso e fatal. Cos robustos acentos, grandes, os chamarás, ¡verbo do gran Camoens, fala de Breogán!</p>
(De <i>Queixumes dos pinos</i>)		

O MAIO	
<p>Aquí vén o maio de frores cuberto... puxéronse á porta cantándome os nenos; i os puchos furados pra min estendendo, pedíronme crocas dos meus castiñeiros.</p> <p>Pasai, rapaciños, calados e quedos; que o que é polo de hoxe que darvos non teño. Eu sónvo-lo probe do pobo gallego: pra min non hai maio, ¡pra min sempre é inverno!...</p>	<p>Cando eu me atopare de donos liberto i o pan non me quiten trabucos e préstemos, e como os do abade frozozan meus eidos, chegado habrá entonces o maio que eu quero.</p> <p>¿Queredes castañas dos meus castiñeiros?... Cantádeme un maio sin bruxas nin demos: un maio sin segas, usuras nin preitos, sin quintas, nin portas, nin foros, nin cregos.</p>
<p>(De <i>Aires da miña terra</i>) Musicada en http://www.ghastaspista.com/historia/maio.php</p>	

CÁNTIGA	
<p>No xardín unha noite sentada ó reflexo do branco luar, unha nena choraba sin trégolas os desdéns dun ingrato galán. I a coitada entre queixas decía: "Xa no mundo non teño a ningún, vou morrer e non ven os meus ollos os ollíños do meu doce ben".</p> <p>Os seus ecos de malenconía camiñaban na alas do vento, ___ i o lamento ___ repetía: "Vou morrer e non ven ó meu ben!"</p> <p>Lonxe dela, de pé sobre a popa dun aleve negreiro vapor, emigrado, camiño de América vai o probe, infelís amador.</p>	<p>I ó mirar as xentís anduriñas cara a terra que deixa cruzar: "Quen pudiera dar volta _pensaba_, quen pudiera convosco voar!..."</p> <p>Mais as aves i o buque fuxían sin ouír seus amargos lamentos; ___ sólo os ventos ___ repetían: "¡Quen pudiera convosco voar!"</p> <p>Noites craras, de aromas e lúa, desde entón ¡que tristeza en vós hai prós que viron chorar unha nena, prós que viron un barco marchar!...</p> <p>Dun amor celestial, verdadeiro, quedou sólo, de bágoas a proba, ___ unha cova ___ nun outeiro i on cadavre no fondo do mar.</p>
<p>Versión musical de Los Tamara: https://www.youtube.com/watch?v=B_fs9Ohiudo</p>	

A ROSALÍA

Do mar pola orela
mireina pasar,
na frente unha estrela,
no bico un cantar.
E vina tan soia
na noite sin fin,
¡que inda recei pola probe da tola
eu, que non teño quen rece por min!
A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta se veu...
Os ósos son dela que vades gardar.
¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

NA CHEGADA A OURENSE DA PRIMEIRA LOCOMOTORA (1881)

I

Velaí ven, velaí ven avantando
comaros e corgas, e vales, e cerros.
¡Vinde vela, mociños e mozas!
¡Saludaina, rapaces e vellos!
Por onde ela pasa fecunda os terreos,
espértanse os homes,
frolecen os eidos.
Velaí ven, velaí ven tan oupada,
tan milagrosiña, con paso tan meigo,
que parece unha Nosa Señora,
unha Nosa Señora de ferro.
Tras dela non veñen
abades nin cregos;
mais vén a fartura
¡i a luz i o progreso!

II

Catedral, demagogo de pedra,
dun pobo fanático erguida no medio,
repinica esas chocas campanas
en sinal de alegría e contento.
Asocia esas voces
ó son dos pandeiros,
¡ás santas surrisas
de terras e ceos!
E ti, río dos grandes destinos,
que os himnos ensaías dos trunfos ibéricos,
requeimáda-las fauces de sede
vén o monstro a beber no teu seo.
Bon samaritano,
dálle auga ó sedento;
que a máquena é o Cristo
dos tempos modernos.

(De *Aires da miña terra*)

A tal mirar, sentín noxo
de ter nacido gallego,
e de odio e cólara roxo,
Xurei desquites croeles
daqueles monstros, e quixen
irme a puntapés contra eles.
Desta arrautada cativa
libreime logo, rompendo
a chorar a bágoa viva.
Non sintía os propios axes:
pros que ten limpa a conciencia,
vitores son os ultraxes.
O que eu de veras sintía
era ver daquela sorte
homes de tanta valía,

Que inda nacente no mouro,
no mouro foran alzados
sobre pedestrales de ouro.
¡Que extrañeza! ¡Que castigo,
segarr o toxo no sulco
onde semeanos o trigo,
I alí donde a xuventude
agotou seu nobre esforzo,
ver erguerse a ingratidade!
-¡Benia ós que, despois de feita
a sembra, pechan os ollos
sin agardar a colleita,
Que, ó fin, eles son felices
como vos na vosca tomba,
doce Mármol, tenro Elices!..

(De *O divino sainete* (fragmento)).

1.2.5 Século XX

Irmandades da Fala

Ramón Cabanillas

ACCIÓN GALLEGA (HINO)	CAMIÑO LONGO
<p>¡Irmáns! ¡Irmáns gallegos! ¡Dende Ortegal ó Miño a folia do fouciño fagamos rebrilar!</p> <p>Que vexa a Vila podre, coveira da canalla, á Aldea que traballa disposta pra loitar.</p> <p>Antes de ser escravos, ¡irmáns, irmáns gallegos! que corra o sangue a regos dende a montana ó mar.</p> <p>¡Ergámonos sin medo! ¡Que o lume da toxeira envolva na fogueira o pazo señorial!</p> <p>Xa o fato de caciques, ladróns e herexes, fuxe ó redentor empuxe da alma rexional.</p> <p>Antes de ser escravos, ¡irmáns, irmáns gallegos! que corra a sangre a regos dende a montana ó val.</p>	<p>Camiño, camiño longo, camiño da miña vida, escuro e triste de noite, triste e escuro de día...</p> <p>¡camiño longo da miña vida ! Vereda, vereda torta en duras laxes aberta, arrodeada de toxos, crebada polas lameiras...</p> <p>¡vereda torta, ti onde me levas! Camiño, camiño longo. A choiva, a neve e as silvas enchéronme de friaxe, cubrironme de feridas...</p> <p>¡camiño longo da miña vida ! Vereda, vereda fonda de fontes tristes, sen auga; sen carballos que dean sombra, nin chouzas que dean pousada.. ¡vereda fonda, ti cando acabas!</p>
<i>(De Vento mareiro).</i>	

<p>Galahaz, derradeiro, colle estreita vereda que se adentra no monte, inqueda e segreda. Sin espora nin lanza, sin escudo ni espada, alma e vida nun soño e no ceo a mirada, sin coidar de malfado, dragón ni encantamento, o cabelo loiriño como airón dado ó vento, escollido e chamado, vai ridente e lanzal, que garda o corazón puro e limpo de mal. Na escura corredeira cinguida de silveiras escoitou voces irtas, medosas e tristesiras, asubíos e ouveos, e chirridos de dentes, e pasadas de lobos, e fungar de serpentes, e veu brilar, ó paso de chouzales espesos, uns ollos sanguíñosos, enmeigados e acesos, que o axexaban firentes dende furos sombrizos. Mais, Galahaz non treme de agoiros nin feitizos. E de alí a tres xornadas de longo camiñar, san e salvo, atopouse na ribeira do mar.</p>	<p>Mainiño maino, o vento a rosas recendía e o mar ía espellado e o ceo estrelecía. E acaeceu que ó tempo que Galahaz chegaba, unha barca, senlleira, no areal atracaba, cáliz de ouro garnido na brancura da vela, a cruz roxa no palo e na proa unha estrela. Galahaz, puro e limpo, entrou nela arelante, e a nave naquel punto fixo rumbo a Levante e alonxouse da praia, a vaivén compasado, como berce dun neno dunha fada arrolado. E coa ágoa en repouso e o luceiro a brilar, un camiño de prata relocía no mar.</p>
<i>(De Na noite estrelecida (fragmento)).</i>	

1.2.6 A Xeración Nós

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

“SABELA”

Cando eu andaba no estudo era un mozo das romerías, bailador e divertido. Non había festa na vila, nin nos arredores, onde non aparecese danzando coma un trompa esgaravelleiro. Ai, aqueles valeses, aquelas mazurcas, aquelas polcas e aquelas habaneras!

Entón o agarradiño aínda era un pecado venial, e bailábamos con tino, para que os vellos non refungasen.

As mozas acorazaban o corpo con xustillos e non consentían o arrimo; pero arrecendían a roupa gardada con mazás e a carne lavada con xabrón de rosas. Os mozos bailábamos por darlle gusto ás pernas, e contentábamonos co cheiro...

Había na vila unha rapaza do meu tempo, xeitosa de corpo, feita de cara, leda de xenio, traballadora de condición, pescantina de oficio e limpa de conducta; pero picante nos decires...

As súas verbas tiñan o labio salgado dos mariscos. Os decires escentilaban contentamento, e nos seus arredores non podía medra-la tristura. A risa facíalle goios de amor nas fazulas, poñíalle pintiñas de malicia nos ollos e brillo de nacra nos dentes. Os andares, arfados e velaños, facían no aire ronseles de gracia. Andaba descalza, e os engados da súa carne non tiñan segredo para os ollos de ninguén. Os pés lenes, as pernas brancas, os brazos redondiños. O corpo era un gran corazón prisado. Cantaba coma un xilgaro e bailaba coma un argadelo.

Era a rapaza máis fermosa da vila, e dábase conta do seu poderío. Escarolábase, bulrona, cando os señoritos forasteiros lle facían a rosca e revíase, compasiva, cando os mozos do seu igual criaban o pasmo.

Ela gustaba de contar na ribeira os perigos en que se metía, e as pescas estordegábanse de risa cos ditos da rapaza, que descubría, de miúdo, tódalas súas enchoiadas amorosas. Ela gustaba de alcender fogueiras e logo apagalas, e nos seus feitizos de serea morrían os fumes dos señoritos e as olladas dos mozos mariñeiros. Era dona de si e viveu sempre ceibe de marmuracións.

Nos días de festa parecía outra. A saia longa, a chombra de f[r]oles, o pano de oito puntas. Unha lazada verde na trenza do pelo. A cara con certo remilgo de señorilinga. Os andares coutados, por mor dos zapatos... Deica bailar tres veces non xurdía na súa face a risa escachada dos días soltos. No retorno da festa entraba na casa cunha cantiga nos beizos e cos zapatos na man.

A primeira vez que bailei foi con ela.

Eu adicábame, nos meses de vacacións, á vida de gandaia, e cando me fixen mozo quixen ser un tunante; pero non sabía bailar de modo. Eu reloucaba por deprender ben o agarradiño e locirme nas romerías; pero non lle daba xeito ás pernas.

Unha noite atrevínme:

— ¿Qué que botemos esta polca?

— ¿E ti sabes?

— I mos ver.

A rapaza comprometeuse a enseñarme, i eu pagáballe coa miña ledicia de estudante. Empecei dando voltas á dereita. Ela levábame... «Agora dous pasiños de lado». «Agora outra volta». «Dálle máis aire ó corpo». «¡Non saímos do sitio!» «Ai, que burro!» «Así, home, así». «Agora vai ben».

Pouco a pouco fun deprendendo, e non tardei en bailar valeses e mazurcas con certa maestría. Dispois xa me fixen bailador e aproveitaba tódalas tocatas; pero afeito á miña compañeira non tiña gusto en bailar con outras. De remate os dous fixemos unha das mellores parellas.

A rapaza e mais eu estábamos unidos polo baile. Ela seguía bulrándose dos namorados, i eu ríame, a cachón, dos seus ditos. Queríamonos ben; pero non sentíamos desacougos amorosos. Se chegase a poñer ollos na súa fermosura bulraríase de min coma dos demais.

Con todo a miña nai reprendíame:

— Ti non es para comparar coa Sabela. ¿Por que non bailas con todas? Sempre coa mesma, sempre coa mesma! Pois nen ti lle fas favor a ela nen ela cho fai a ti.

— Baila moi ben ¿sabe, miña nai?

— Bailará; pero ela é unha pesca e ti es un estudante. O baile é cousa do demo e Sabela é unha boa rapaza. Probe de ti como non a respetes.

Miña nai, como tódalas nais, coidaba que o seu fillo era un Tenorio; pero a honradez de Sabela gardábase detrás de catro muros de canteiría.

Marcheime da vila cangado cun tido universitario, e as preocupacións do meu vivir arredáronme das troulas. Perdín a mocidade, fixenme home; o baile chegou a parecerme cousa de parvos, e fai moitos anos que nin tan siquera vexo bailar.

Do tempo de estudante non gardei un recuncho para as lembranzas de romería, e Sabela esvaéuseme da memoria. Cando se proclamou a República lanceime á política e saín Diputado das Constituíntes. A miña vila quixo agasallarme e alá fun eu.

Desembarquei baixo o estrondo das bombas e entre o entusiasmo dos vellos amigos, que acugulaban o peirán e a ribeira. O azougamento non me deixaba camiñar, e se sodes sentimentaes comprenderedes a miña emoción, porque a vila natal non é coma tódalas vilas.

Ceguei á casa de meus pais, e na veira da porta vin a unha muller... Era gorda de ventre, de pernas e de brazos; a cara inflada e vermella; a boca sen dentes; a postura de regateira.

Miroume, fite a fite, cos ollos mergullados en bágoas, e ó pasar a carón dela sioume con voz estremecida estas verbas:

— ¡Meu bailador!

(De *Retrincos*)

Non esquezamos que se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma. A esta fala popular, viva e groriosa, os imperialistas chámanlle dialecto. Mais eu preguntaríalles: "¿Dialecto de que idioma?". "¿Do que vós chamades español?". De ningunha maneira, porque o idioma que vós impuxechedes pola forza é un irmán menor do galego. "¿Acaso queredes dicir que é un dialecto do latín?". Pois entón chamádelle dialecto ao francés, ao italiano, ao rumano, porque tamén son fillos do latín e irmáns do galego. E diríalles máis: "Prohibichedes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles crer que falar galego era falar mal e falar castelán era falar ben. Espulsáchedes o galego das eirexas, facendo que os representantes de Cristo esplicaran o Evanxeo no idioma oficial, que o pobo non falaba nin comprendía ben. Refugáchedes o galego ante os Tribunaes de xustiza e chegáchedes a castelanizar barbaramente as toponimias galegas. ¿E de que vos valeu? Porque dispois de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda riqueza de astucias e violencias, o nosos idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados"

(De *Sempre en Galiza*)

Escea VI

Unha parede branca no fondo. O boticario aparece morto e derrubado nun sofá. Entra o mendicante que representa a Morte.

A MORTE (Sacando a careta de mendicante e descubrindo a súa caveira) Xa estou eiquí.

O BOTICARIO Chegaches tarde.

A MORTE Porque xa sabía que non me necesitabas.

O BOTICARIO ¡Hipócrita! ¡Calquera diría que non foches tí...!

A MORTE (Sentándose nun brazo do sofá, aos pés do boticario). Eu dinche un bo consello e tí seguíchelo porque che conviña.

O BOTICARIO Sería mellor que mo deras antes de namorarme de Lela.

A MORTE Non te queixes. Aviseite a tempo.

O BOTICARIO ¡Mentira!

A MORTE Dixenche que os vellos non deben de namorarse e tí non me fixeches caso .

O BOTICARIO Xa era tarde.

A MORTE Non sería tarde si tiveras caletre.

O BOTICARIO ¿Por qué non me avisaches a tempo cando non estaba namorado?

A MORTE Eu non vou a onde non me chaman.

O BOTICARIO ¿Chaméi eu por tí?

A MORTE Chamaches. Todos chaman por min cando se namoran e perden o xuício.

O BOTICARIO Sería mellor que aconsellaras ao carabineiro e non a mín.

A MORTE Nin así te salvabas.

O BOTICARIO Lela queríaime.

A MORTE Xa se ve que aínda non se che arrufiáu o corpo. ¡Lela engañábate, parvo!

O BOTICARIO Entón fixen ben en matarme.

A MORTE Fixeches. E non te queixes, porque morreches sen door.

O BOTICARIO Gracias á miña cencia de boticario

A MORTE E ao meu consello.

O BOTICARIO Custa moito deixar a vida, inda que se aborrezas.

A MORTE Máis che doería morreres dun cólico miserere, poño por caso.

O BOTICARIO Custóume moito deixar a miñas irmáns.

A MORTE ¡Queríaslle máis a Lela...!

O BOTICARIO ¡Quería!

A MORTE O peor é que Lela non cho agradece.

O BOTICARIO Porque non sabe que me matéi por ela.

A MORTE Aínda que o soupese.

O BOTICARIO ¿Pensas que é tan ruín?

A MORTE Penso.

O BOTICARIO ¿Entón por qué me matéi?

A MORTE Por namorarte de vello.

O BOTICARIO Eu puden namorarme de mozo, pero...

A MORTE ¿Por qué non o fixeches?

O BOTICARIO Por non abandoar a miñas irmáns.

A MORTE E, secomasí, abandoáchelas.

O BOTICARIO Xa son vellas e déixolles a botica.

A MORTE Sen o boticario

O BOTICARIO Logo estarán connmigo.

A MORTE Deso coidareime eu. Descoida.

O BOTICARIO Agradézochos.

A MORTE A vida dos vellos pouco dura.

O BOTICARIO E menos cando hai ganas de morrer.

A MORTE E cando eu dou un consello.

O BOTICARIO ¡Valente favor!

A MORTE ¿Estás pesaroso do que fixeches?

O BOTICARIO Eu non che podo responder. Pergúntallo á miña alma.

A MORTE Eu non falo coas almas.

O BOTICARIO A miña marchouse cavilosa.

A MORTE As almas sempre son cavilosas.

O BOTICARIO A miña ben leda era.

A MORTE Cando a tiñas dentro do corpo, antes de namorarte.

O BOTICARIO Foi ela quen se namorou.

A MORTE ¿Estás seguro?

O BOTICARIO Xa empezo a enfiarme e perdo a memoria de certas cousas.

A MORTE Axíña ficarás en paz.

O BOTICARIO ¡Que así sexa!

A MORTE (Erguéndose e pónose a careta de mendicante). Déixote que teño moito que facer.

O BOTICARIO Vaite logo.

A MORTE Adéus Saturio.

O corpo do boticario desgónzase en canto a Morte lle chisca o ollo ao despedirse. Unha man do boticario bate nas táboas do piso ao caerlle un brazo fora do sofá. A morte desaparece e cai o pano para mudar o cadro

OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE (*fragmento*)

Vicente Risco

(I) Eu caracterizaría os homes do meu tempo preocupados polas cousas do espírito, dicindo que eramos –e somos– os auténticos *vencidos da vida* (...) insatisfeitos, non conformistas, decote rebeldes. Vencidos da vida por inadaptados. [...] Efectivamente: introvertidos fomos ata non chegar a nós o galeguismo.

(II) Os inadaptados son por definición os insatisfeitos do mundo sensible, os inimigos da realidade cotiá, os que procuran fuxir do medio que os rodea. de aquí a concepción da arte como *evasión*. (...)

A nosa rebeldía consistía en segregámonos espiritualmente da sociedade, desapegámonos das súas tendencias e dos seus problemas, isolámonos na nosa alteirosa indiferenza dos seus afáns e trafegos, das loitas e porfías e a cumprimos o noso rol sen ledicia e sen pena, e principalmente sen interese ningún.

(III) Eramos sinxelamente individualistas. [...].

Non hai máis que ver o diferente significado que agora e entón ten e tiña a verba *nós*. Cando un do meu tempo dicía *nós*, se non refería endexamais aos da súa xeración, nin aos da súa clase; referíase decote a un pequeno agrupamento identificado no pensar e no facer, a unha escola, a unha capela, a un cenáculo [...].

(X) Ora o problema é como sendo como eramos e como somos, individualistas, inadaptados, antisociais, antigregarios, introvertidos, puidemos vir parar nunha cousa que semella tan cotiá e gregaria, como é o nacionalismo galego que na esencia é a afirmaza teimosa da grei galega.

A resposta está dada, moito mellor do que eu puidera facelo, por Ramón Otero Pedrayo na súa novela *Arredor de si*. *Arredor de si*, máis que unha novela, é a autobiografía non dun só home, senón dun agrupamento, case dunha xeración. É a autobiografía do cenáculo do autor ao que eu pertencín tamén. Polo seu mesmo individualismo, polo seu por min confesado egocentrismo, o noso agrupamento andou todo o tempo dando voltas arredor de si –e cada un arredor de si mesmo– sen atoparse endexamais de todo.

[...] Despois de tantas voltas e revoltas, despois da tantas viravoltas e trasvoltas polas lonxanías do espazo e do tempo, en procura de algo inédito que nos salvara do habitual e vulgar, viñemos dar na sorprendente descuberta de que Galicia, a nosa Terra, oculta ao noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filistea, ofrecíanos un mundo tan esteso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, como os que andabamos a procurar por aí adiante.

(De *Nós, os inadaptados*).

Na postguerra, D. Celidonio ascendeu de porco a marrán e chegou a Alcalde. A parenta inflou coma o fol da gaita. Agora é presidente da Xuntanza Cidadá e de Outras Sociedades. A parenta botou abrigo de chinchilla e petit-gris. Fixeron casa nova e teñen outro automóvil. Aínda podían ter máis.

Vouvos referi-la vida de D. Celidonio e do seu sogro e principal Baldomero Garcia, aquel que lles berraba ós seus mancebos: "¡¡¡Cando na miña casa entra unha peseta, para que volva a saír, cómpre facer un expediente!!!" Deste xeito veréde-lo que vai de tempos a tempos.

De camiño tamén vos hei contar algo do seu antitético antagonista o Dr. Alveiros, o libertador da momia de Tutankamen, pois se non pode concebe-la unha sen a outra, xa que ademais de tódalas outras cousas que aquí se han ver, alquimicamente, con respecto ó diñeiro, o Dr. Alveiros é o Solve, e o D. Celidonio é o Coagula.

Non ha vir mal unha definición de entelequias:

Coagula. Teño eu feita a descuberta da lei do diñeiro, que hoxe é a lei fundamental da Economía política. Esta lei é a seguinte:

"O diñeiro atráese un ó outro en razón directa da súa masa, e sen consideración ó cadrado da distancia".

Cando eu expuxen esta lei na mesa do fondo do Café Novelty, ó lado da porta de espelliños biselados por onde un vai ó mexadeiro, díxome Aser das Airas:

Esa non é descuberta; iso non é mais cá lei da "acumulación da súper-valía", de Carlos Marx. /.../

Solve. Fose Carlos Marx, fose eu, quen descubriu a lei do diñeiro, o que sei é que dar, dáse. Ora tamén, cando ó diñeiro lle pega a forza centrífuga como lle acontece cando eu xunto unhas cadelas daquela non hai quen o corte: devala e escoa coma a auga...

Don Celidonio é gordo e artrítico. O carolo sáelle para fóra: na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para baixo.

O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no vran súdao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, coma as que deitan os chourizos cando están no fumeiro.

Así como é graxento o corpo, tamén o miolo de D. Celidonio. Se lle escachasen a testa, que tiña que ser con pauferro e picaraña, en lugar dunha sesada había atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro ca por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, mixturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pemento.

Pois, don Celidonio veu de Castela, de mancebo do Baldomero García, onde botou moitos anos curtindo os sabaóns, enzoufado no aceite e no bacallau. /.../

(De *O porco de pé*).

Ramón Otero Pedrayo

De alí a dous días, o herdeiro saíu xa ó empardecer: a súa figura cativa parecía máis pequeneira na fonda corredoira asombrada por grandes muros, xa enlizados pola esperta mocidade das silveiras agromadas. Preparábase -nubes griseiras no solpor acoubando catro trabes de lume roxo- unha noite de aire frío. O herdeiro entrou sin petar á porta, na casa da María Prisco, apegada como un niño de bubela a uns volantes penedos; a vella sabía moito das vidas das mozas e estaba ó tanto do espertar fisiolóxico de moitas delas. Non se demorou moito. Rubiu a parada da Seara e xa por dentro da finca seguiu hastra unha moutela de castiñeiros, choutou noutro muro e por entre nabeiras de ferraias encetadas metéuse no monte das Baboseiras. Fuxía do camiño. Isto foi o que cavilou o señor Brais, que rubindo dos fondales das Lamas cun petolo ó lombo, albiscou ó señorito, pois os ollos dos paisanos vellos furan as tebras. Il mesmo

camiñaba axiña pra escorrentar o medo. Os albres figurábanlle un bailar e algúns víñanselle a prantar diante; unha ponla retorta e rente ó chan chegou. coma o brazo dun gafo a collelo polas pernas. Gracias a un anaco de luar que se afirmaba no ceo, chegou á metade do monte. Dende alí o val do río acugulábase de tebras que xurdían dos arboredos, das quebradas; deseguida foi noite pecha e conforme avanzaba erguiase o ruído do Miño no cachón. O mozo aniñou entre dous penedos, defendéndose do gris das serras do norte. Moito tempo. Moito frío e moito medo. O pequeno luar, despoixa de botar un pano de lus riba dos penedos, foi sóilo un fachico lonxano. Coidou ouvir o trepar das poutas do lobo. Podía ser. Non, aquíl monte estaba moi escudriñado polos cazadores. Mais deseguida non foi ren o tempo, nin o medo: polas fiestras dunha casa que se non vía, correu unha lus, outra; logo estrondou un trabucazo. Logo o silencio pechado. O herdeiro lembrouse da mala sorte do Corda; quizais penduraba do muro co testa escachada.

(De *Os camiños da vida*).

Nacía, coa mañá, a terra de Ávila. Luz estraña ós sucos infindos, xeados. Brillar ceibe do día. Dous chopos esquemáticos: a idea do chopo. Puro pensamento materializado na mañá. Pesadelo dunha misticidade obrigada. Desexo de cabalgar todo o día por aqueles chans, bebendo luz, sentindo decorrer o sangue polo corpo. Erguemento azul da serra na planura. Soben e baixan os fíos do teléfono. Contraste da quentura, un pouco de alcoba de enfermo, de noite acugulada e dormiñenta do vagón, co brillar do día. Viaxa a noite apegada ás maletas, ás caras, ás mans, á lámpada. Hai un recordo dos brancos faros, de León, , de Venta dde Baños, de Medina, do alento dos depósitos de máquinas. Aquela "jota" cortante oída en Medina. Chamaban polos coches dun tren mixto: "¡Pepe, Pepe!" Había unha saudade do do ele solto en Castela cando o mozo cantaba: "¡Portugall!" O vagón vibraba cos golpes que dan os mozos de percorrido.

Adrián, no corredor, sentía as barbas medradas, moito frío, un desexo de se bañar no sol. Naquela hora sairían os bois da corte. Néboas baixas no val e a sombra no xardín. Sempre os buxos estaban fríos deica o mediodía. Badaladas miúdas. Adrián lembraba as súas primeiras viaxes , de estudante. En terceira. Entón levaba a nota dos estados do espírito. Cada hora tiña unha infinda riqueza. Hai na mocidade unha época de introspección ardente. E a dor de sentir a impresión literaria, fatal, sobrepóndose, traidora , á nova e persoal. Esta impresión persoal sempre neboenta, moitas veces calada. Dificultade de abranguela na súa vitalidade cambiante. Un cansazo. O mellor deixarse afundir no latexar de cada instante. Non son de temer os longos exames de conciencia. En troques hai abrintes lóstregos comparativos. O que soñaba e o que viviu: proxectos e realidades. E aquel sentimento da xuventude liviá fuxindo, como a auga, das mans.

(De *Arredor de si*).

Rafael Dieste

SOBRE A MORTE DE BIEITO

Foi perto do camposanto cando eu sentín boligar dentro da caixa ao probe Bieito. (Dos catro levadores do cadaleito eu era un). ¿Sentino ou foi aprehensión miña? Destonces non podería aseguralo. ¡Foi un rebulir tan maino...! Como a teimosa puvulla que rila, rila da noite, rila de entón no meu maxin afervoadado aquel mainiño rebulir.

Pero é que eu, meus amigos, non tiña seguranza, e polo tanto –comprende, escoitade- polo tanto non podía, non debía dicir nada.

Maxinade nun intre que eu dixese:

O Bieito vai vivo.

Tódalas testas dos velliños que portaban cirios ergueríanse nun babeco aglaio. Tódolos pícaros que viñan estendendo a palma da man baixo o pingotear da cera, virían en remuíño arredor meu. Apiñocaríanse as mulleres a carón do cadaleito. Escorregaría por tódolos beizos un marmular sobrecolleito, insólito:

¡O Bieito vai vivo, o Bieito vai vivo!...

Calaría o lamento da nai e das irmás, e axiña tamén, desacompañándose, a gravosa marcha que planxía nos bronces da charanga. I eu sería o gran revelador, o salvador, eixo de tódolos asombros e de tódalas gratitudes. E o sol na miña face cobraría unha importancia imprevista.

¡Ah! ¿E si destonces, ao ser aberto o cadaleito, a miña sospeita resultaba falsa? Todo aquel magno asombro viríase inconmensurable e macabre ridículo. Toda a arelante gratitude da nai e das irmás, tornaría-se despeito. O martelo espetando de novo a caixa tería un son sinistro e único na tarde estantía. ¿Compreendeedes? Por iso non dixen nada.

Houbo un intre en que case me decidín. Dirixinme ao da miña banda e, acobexando a pregunta nunha sursisa de retrouso, deslicei:

— ¿E si o Bieito fora vivo?

O outro rieu picaramente coma quen di: “Que ocorrencias temos”, i eu amplifiquei adrede a miña falsa sursisa de retrouso.

Tamén me vin a rentes de dicilo no camposanto, cando xa pouráramo-la caixa e o crego requeneaba.

“Cando o crego remate”, pensei. Mais o crego acabou e a caixa desceu á cova sen que eu poidese dicir nada.

Cando o primeiro cadullo de terra, bicado por un neno, petou dentro da cova na táboas do ataúde, rubíronme astra a gorxa as verbas salvadoras... Estiveron a punto de xurdiren. Mais destoncees acudeu novamente ao meu maxín a casi seguranza do arrepiante ridículo, da rábea da familia defraudada, si o Bieito se atopaba morto e ben morto. Endemais o decilo tan tarde acrescía o absurdo desorbitadamente. ¿Cómo xustificar non o ter dito enantes? ¡Xa sei, xa sei, sempre se pode un expricar! ¡Si, si, si, todo o que queirades! Pois ben... ¿e si tivese morto despois, despois de o sentir eu remexerse, como quizais poidera adivinarse por algunha sinal? ¡Un crime, si un crime o me ter calado! Ouviu xa o rebumbio da xente...

— ¡Pediú auxilio e non llo deron, malpocado!...

— Il sentía chorar, quixose erguer, non puido...

— Morreu de espanto, saltoulle o corazón ao se sentir descer na cova...

— ¡Velaí o tendes, coa cara torta do esforzo!

— ¡E ise que o sabía, tan campante, aí a surrir coma un pallaso!

— ¿É parvo ou que?

Todo o día, meus amigos, andiven tolo de remorsos. Vía ao probe Bieito grafiñando as táboas nise espanto ausoluto, máis alá de todo consolo e de toda conformidade, dos enterrados en vida. Chegoume a parecer que todos lían nos meus ollos adormiñados e lonxanos a ousesión do delito.

E alá pola alta noite –non o puiden evitar– funme camiño do camposanto, coa solapa subida, ao arrimo dos muros.

Ceguei. O cerco por unha banda era baixiño: unhas pedras mal postas, apreixadas por herbas e silveiras. Paseino e fun dereito ao sitio... Deiteime no chan, apliquei a orella, e axiña o que ouvíu xioume o sangue. No seo da terra unhas unllas desesperadas rabuñaban nas táboas. ¿Rabuñaban? Non sei, non sei. Alí perto había un sachó... Ía xa cara a il cando fiqui suspenso. Polo camiño que pasa arentes do camposanto sentíanse pasadas e remor de fala. Viña xente. Destonces si que sería absurda, tola, a miña presenza alí, daquelas horas e cun sachó na man.

¿Ía decir que o deixara enterrar sabendo que estaba vivo?

E fuxín coa solapa subida, pegándome aos muros.

A lúa era chea i os cans latricaban lonxe.

(De *Dos arquivos do trasno*).

1.2.7 Vangardas

Manuel Antonio

Nós non podemos ollar sin carraxe o baixo e noxento ruralismo de Losada. Nin ise intrés en convertir o galego n-a fala intérprete de tódalas indecenzas e vulgaridás que tiveron Losada e a maioría d'os mestres menores. Nin a valdeirez verbalista, importación madrileña e co-isto xa se di todo, de Curros. [...] Hai os que teñen algún valor e desmínten-o espresándose en castelán. Pero hai aínda unha razón dorde supremo: a nosa Fala é nosa. Pospol-a a outra calquera, é unha forma de suicidio. Arrengamos de mestres e dos seus consellos [...] Arrengamos da Lei e da Costume [...] Arrengamos dos temas obrigados [...] Arrengamos de toda imitanza”.

(Fragmento do manifesto *Máis alá* (1922) (Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro)).

SÓS

Fomos ficando sós
o Mar o barco e mais nós
...Roubanron-nos o Sol
...O paquebote esmaltado
que cosía con liñas de fume
áxiles cadros sin marco
...Roubaron-nos o vento ...
Aquel veleiro que se evadeu
pol-a corda floxa d'o horizonte
...Este océano desatracou d'as costas ...
e os ventos d'a Roseta
ourentaron-se ao esquenzo ...
As nosas soedades
veñen de tan lonxe
como as horas d'o reloxe
Pero tamén sabemos a maniobra
d'os navíos que fondean
a sotavento d'unha singladura
N-o cuadrante estantío d'as estrelas
ficou parada esta hora:
O cadavre d'o Mar
fixo d'o barco un cadaleito
Fume de pipa..... Saudade
.....Noite..... Silenzo.... Frio
.....E ficamos nós sós
.....Sin o Mar e sin o barco
....nós.

(De *catro a catro*).

Álvaro Cunqueiro

NO NIÑO NOVO DO VENTO

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer
en fruta de verde olivo.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

Ten áers de frol recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

(De *Cantiga nova que se chama Riveira*).

Lúis Amado Carballo

TABERNA

Chove fóra. Nas pozas
aboia a luz do gas.
Na lameira da rúa
entérrase un cantar.

Mariñeiros de Amberes,
de Cork e Rotterdam...
O acordeón borracho
fala inglés, alemán...
Na folla do coitelo
fuxe a luz cal no mar.

(De *Proel*).

1.2.8 Literatura de posguerra

Poesía

Aquilino Iglesia Alvariño

SEÑARDÁ
Nunha pupila azuada Vin tremer a Amor-meniño: era sobr' a frol d' o liño Unha bágua d' a Rosada, Coma un amante a unha amada, Amor etérmo -¡quimeira! Xurou â frol d' a liñeira A lágrima d' a orvallada. Mais... d' a Aurora ô crerexar, Eis qu' o Fado separar Quixo o que Díos axuntara: A frol d' o liño esfolouse... E a lagrimiña tornouse Aos ceios, donde morara...
(De <i>Señardá</i> . 1930).

Luís Pimentel

CUNETAS	
¡Outra vez, outra vez o terror! Un día e outro día, sen campás, sen protesta. Galicia ametrallada nas cunetas dos seus camiños. Chéganos outro berro. Señor, ¿qué fixemos? -Non fales en voz alta- ¿Hasta cándoo durará iste gran enterro? -Non chores que poden escoitarte. Hoxe non choran máis que os que aman a Galicia- ¡Os milleiros de horas, de séculos, que fixeron falla para faguer un home! Teñen que se encher aínda as cunetas con sangue de mestres o de obreiros. Lama, sangue e bágoas nos sulcos son semente.	Docemente chove. Enviso, arrodéame unha eterna noite. Xa non teréi palabras pra os meus versos. Desvelado, pola mañán cedo baixo por un camiño. Nos pazos onde se trama o crimen ondean bandeiras pingando anilina. Hai un aire de pombas mortas. Tremo outra vez de medo. Señor, isto é o home. Todas as portas están pechadas. Con ninguén podes trocar teu sorriso. Nos arrabás, bandeiras batidas i esfarrapadas. Deixa atrás a vila. Ti sabes que todos os días hai un home morto na cuneta, que ninguén coñece aínda. Unha muller sobre o cadáver do seu home chora. Chove. ¡Negra sombra, negra sombra! Eu ben sei que hai un misterio na nosa terra, máis alá da néboa, máis alá do mar, máis alá da chuvia, máis alá do bosque.
Lugo, marzo, 1937.	

PENÉLOPE

Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A espranza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mól coma unha uva.
Pro tí envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Tragerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

(De *Nimbus*)

LONGA NOITE DE PEDRA

*No meio do caminho tinha uma pedra
tinha uma pedra no meio do caminho
tinha uma pedra no meio do caminho tinha uma pedra.*
CARLOS DRUMMOND DE ANDRADE

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

MARÍA SOLIÑA	MORAIMA
<p>Polos camiños de Cangas a voz do vento xemía: ai, que soliña quedache, María Soliña.</p> <p>Nos areales de Cangas, muros de noite se erguían: ai, que soliña quedache, María Soliña.</p> <p>As ondas do mar de Cangas acedos ecos traguían: ai, que soliña quedache, María Soliña.</p> <p>As gueivotas sobre Cangas soños de medo tecían: ai, que soliña quedache, María Soliña.</p> <p>Baixo os tellados de Cangas anda un terror de auga fría: ai, que soliña quedache, María Soliña.</p>	<p>Cando quero vivir digo Moraima. Digo Moraima cando semento a espranza. Digo Moraima e ponse azul a alba.</p> <p>Cando quero soñar digo Moraima. Digo Moraima cando a noite é pechada. Digo Moraima e ponse a luz en marcha.</p> <p>Cando quero chorar digo Moraima. Digo Moraima cando a anguria me abafa. Digo Moraima e ponse a mar en calma.</p> <p>Cando quero surrir digo Moraima. Digo Moraima cando a mañá é crara. Digo Moraima e ponse a tarde mansa.</p> <p>Cando quero morrer non digo nada. E mátame o silencio</p>
<p>Versión musical de María do Ceu en: https://www.youtube.com/watch?v=L5_BzcCgP4</p>	<p>(De <i>Onde o mundo se chama Celanova</i>).</p>

Lorenzo Varela

COMPAÑEIRO DA MIÑA XERACIÓN MORTOS OU ASASINADOS
<p>¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa, de todos nós co mundo! Facíamos un feixe de campos e de estrelas, e ó pisar ise chao que latexaba sentíamos subir pola sangue o misterio. O noso corpo era o camiño da maxia, a escada pola que viña a lúa, o zume de tódolos segredos, a canción da herba que resucitou. E o mesmo verme era unha follá leda, un mensaxeiro do sagrado alén. Morréchedes, matáronvos, deixáronme. Quedei eiquí, lonxe das vosas sombras. E gardo, coma un morto, no centro do silencio, da sede, da agonía, o día que vos poida levar á sepultura unha cesta de pombas e mazás. ¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa, de todos nós co mundo!</p>
<p>(De <i>Lonxe</i>, 1954).</p>

Uxío Novoneyra

<p>NO bicarelo do bico do brelo canta o paxariño. No mesmiño bicarelo do bico do brelo.</p>	<p>COUSOS do lobo! Caborcos do xabarán! Eidos solos onde niguén foi nin ha d'ir! O lobo! Os ollos o lombo do lobo! Baixa o lobo polo ollo do bosco movendo nas flairas dos teixos ruxindo na folla dos carreiros en busca da vagoada máis sola e máis medosa... Rastrexa párase e venta finca a pouta ergue a testa e oula cara o ceo con toda a sombra da noite na boca.</p>
<p>(De <i>Os Eidos</i>. Libro do Courel).</p>	

Manuel María

TERRA CHA	
<p>A Terra Cha somentes é: un povo aquí, outro acolá, mil arbres, monte raso, un ceo chumbo e tráxico no que andan as aves a voar. O resto é soedá.</p>	<p>O idioma é a chave coa que abrimos o mundo: o salouco máis feble, o pesar máis profundo. O idioma é a vida, o coitelo da dor, o murmurio do vento, a palabra de amor. O idioma é o tempo, é a voz dos avós e ese breve ronsel que deixaremos nós. O idioma é un herdo, patrimonio do pobo, maxicamente vello, eternamente novo. O idioma é a patria, a esencia máis nosa, a creación común meirande e poderosa. O idioma é a forza que nos xungue e sostén. ¡Se perdemos a fala non seremos ninguén! O idioma é o amor, o latexo, a verdade, a fonte da que agroma a máis forte irmandade. Renunciar ao idioma é ser mudo e morrer. ¡Precisamos a lingua se queremos vencer!</p>

BREVE MANUAL PARA DEPRENDER PARA SEÑORITO

Aínda que un non sexa moi bonito
non é difícil chegar a señorito.
Primeiro hai que odiar o comunismo,
e pensar somentes en un mesmo,
non facerlle moito caso aos pais,
tratar con certo desprecio aos demais.

Hai que ter en conta o que convén,
adequirir modales finos,
codearse só con "xente ben",
aproveitados, cucos e cretinos,
ser socio de todos os casinos,
mercar sempre autos deportivos
e traxes e corbatas elegantes,
coñecer toda clás de aperitivos,
saberse comportar nos restaurantes,
distinguir os wiskis ao cheiralos,
entender de bridge e de canasta,
de golf, de tenis e cabalos,
non alternar con xente doutra casta.

Tamén é conveniente ter querida,
xantar e cear sempre a deshoras,
abusar o que se poida da bebida
e ser moi galante coas señoras.

Non falar galego endexamais
(é idioma do pobo, moi vulgar),
vivir do que súan os demais,
¡e denantes morrer que traballar!

(De *Versos para cantar en feiras e romaxes* (1969)
Versión de Uxia Senlle:
<https://www.youtube.com/watch?v=LE4hgA9y7RQ>

Bernardino Graña

¿COMO HEI VIVIR MAÑÁ SEN A LUZ TÚA?

¿Como hei vivir mañá sen a luz túa?
Case morto vivín sen coñecerte
aló na chaira seca por absurdas rúas
onde ninguén me soupo dar mornura.
Foi soedade desconforme adentro
e a semente a caír en terra dura.

¿Como hei vivir mañá sen a luz túa?

Erguinme e vinte ó regresar á terra
como se fora todo aquilo un soño
pesado e ti xa foras sempre miña.
Foi outra vez materno en aloumiño
o bico teu na lingua.
E foi de novo corazón adentro
comprender a existencia e a dozura.

¿Como hei vivir mañá sen a luz túa?

Pero hoxe mesmo o día abriu en medo
entrou na fiestra un sol extraño inmenso
e deixáchesme o leito en mantas frías.
Está a volver agora corazón adentro
a soedade o podre a agonía
a me pinchar as cousas en millóns de pugas
cada minuto en séculos de agullas.

¿Como hei vivir mañá sen a luz túa?

(De *Se o noso amor e os peixes...*)

EU
<p>Digo sí, digo non, ningunha cousa é certa. Son un longo camiño que en mín erguéu a terra. Viñen de non sei dónde, voume pra onde me levan. Digo sí, digo non, palabras mentireiras. Eu qué sei quén son eu, eu, unha volvoreta que se afirma no sol que se empula na erba, un chafarís de sangue que rube, alanca e leva a ilusión de quedarse no mundo a ser eterna, eu que son unha folla no vento que nos leva. Digo palabras, nomes que son como moxenas, quero alcender un lume para acrarar as tebras. Digo sí, digo non. E de canto dixera a palabra máis vouga máis escura e tristeira é a palabra "eu" que no sangue navega.</p>
<p>(De <i>O Vento no teu colo</i>).</p>

CHACHAUI
<p>Ter unha casa en Chachauí sobre do cume do Cúndur-Cúndur que os incas bautizaron polas grandes aves míticas. Ter unha casa en Chachauí e ver no fondo do precipicio o Putumaio brincar como un regueiro pequeniño.</p>
<p>Ter unha casa en Chachauí e escoitar á noiña o zunido dos vagalumes, dos cocuios, o canto do turpial e o miar estremecedor do puma negro.</p>
<p>Ter unha casa en Chachauí, esquerse do tempo, estar ao pé dun deus antigo amigo do sol.</p>
<p>Ter unha casa en Chachauí.</p>
<p>Abaixo, no camiño de Ipiales, na estrada do Ecuador, brillan as flores ventureiras. Pero as estrelas son máis grandes.</p>
<p>Ter unha casa en Chachauí.</p>

María Mariño

Aquí che deixo, meu peito canso, aquí
che deixo,
aquí che deixo neste branco papel trillado, neste
percurso das horas.
Quen eres -preguntaranche-, quen eres?
Son a néboa que anda soia, son o sol
que quenta as queixas, dos camiños
son o farto,
son o sono que rixe
mundo que verte tempo,
son o berro caladiño entre arranque-brío de sono morto.
Das cousas que non se atopan
tamén son,
das ondas que soio van, van e van,
delas son,
de cando veñen e vein vindo
delas son. Son o ledo daquel sono -terra de sin pisadas,
soio remaxe das cousas-.
Papel branco,
trillado,
papel,
berra,
berra entres os fortes
desde onde as miñas verbas che magoan.

(De *Verba que comeza*).

Luz Pozo Garza

Ás veces me pregunto por que eu non son
Como as demais mulleres: amar sen desacougo
Poñer en paz o corazón e a mente
Agardar con paciencia que baixen as augas
Nas crecidas do río
Resignarse á evidencia aceptar os desaires
E rezar en silencio ou chorar entrementes
As bágoas máis amargas enriba da almofada
Sempre ocultando a ira. Sempre con mansedume
Cun sorriso nos labios. Non. Eu non son daquelas
Que cantan ás flores e ás pombas xa o sei
A min mágame a sede. A min fáltame o aire
Levo un cravo moi fondo de amor e de paixón
Nin o podo arrincar que arrincaría a alma
Prendería o lume que me queima por dentro
Eu non son daquelas que cantan ás flores e ás pombas
Das que se resignan ante o desamor
E rezan e consomen bágoas sobre da almofada
Non! Eu son Medea!

(De *Medea en Corinto*, 2002).

Xohana Torres

PENÉLOPE
Declara o oráculo: Que á banda do solpor é mar de mortos, incerta, última luz, non terás medo. Que ramos de loureiro erguen rapazas. Que cor malva se decide o acio. Que acadas desas patrias a vindima. Que amaine o vento, beberás o viño. Que sereas sen voz a vela embaten. Que un sumario de xerfa polos cons". Así falou Penélope: "Existe a maxia e pode ser de todos. ¿A que tanto nobelo e tanta historia? EU TAMÉN NAVEGAR." (De <i>Tempo de Ría</i> (1992)).

Xosé Luís Méndez Ferrín

<i>Y no hallé cosa en que poner los ojos...</i> Quevedo	<i>Señoras do pasado</i> <i>Mon prince on a les dam's du temps jadis qu'on peut</i> Georges Brassens
Terra de proseguir e non dar nada, despaciosa Galicia que nos levas acochados en tí!. Lento veneno que pon nos ollos unha cousa verde! Língua que me enche a boca enteiramente e coma un río interno me asolaga. Quero decir teu nome e digo apenas xente de terra, homes lentamente ún por ún devenendo e sendo nada. Galicia coma un río que se estiña, terra de esmorecer, patria do vento! Quero decir teu nome e digo dorna valeira, mergullada dorna negra, grande arado sen bois, feira sen xente, noite que ven, enorme noite fría... Quixera alzar meu canto coma un puño e pór na miña voz teu nome ergueito pero non hai ninguén para escoitarme.	E quixenvos moi tristemente a todas as que forades rapidamente eu (un pouco). Unha lus nos lugares do estremecemento e tardes coma rodas de bronce, interminábeles. Poderosas mañáns de rexurdimento e ollos no chao, de amor outido. E quixenvos moi escasamente a todas porque nas regandixas de eu caben ourizos e sufrir é amor e nada para o tempo que destrúe os ourizos. E quixenvos (queréndome) coma un río que fose dos meus ollos a vós, as tidas e perdidas, limitrofes do amor, esquencidas pra sempre. E quixenvos autente, e case non vos quixen antre tanto artefauto, construción, mala pedra, que nos ten envisgados nas cousas, coma lentos navíos que mainamente esbaran. Chamo por vosoutras, nomes apenas tatuados no baleiro e no fume, e reclamo ese espacio que deixáchedes e que cecais é globo (de lume e desespero). Señoras do pasado, damas investigadas a través dos ensoños sobre cabalos nidios, inmóviles no outono de antano, sen bris mesmo, merci por un crepúsculo, ou acaso algún beixo, ou polos poderosos erguementos do sangue, ou por sorrisos líquidos a carón da magnolia. Quixenvos lenemente, e mesmamente fúchedes capaces da captura dun anaco de sombra de min, e fiquei menos. Inútil esta ollada por derriba do tempo que me outorga silencio, escamas, arruínas, borralla, meus ronseles. Quixenvos fuxidío, oh amigas de antonte, meu espantoso espello neste solpor que vence.
(Poesía enteira de Heriberto Bens, 1980)	(De <i>Con pólvora e magnolias</i>)

Novela

Eduardo Blanco Amor

O COMENZO DAS COUSAS

–Como, señor? Non me aparto do conto nin un instante... Estou a decir as cousas polo seu comenzo, que unhas viñeron das outras e sin unhas nos houberan pasado as outras tampouco.

–

–Que han de ser desculpas! Eu non teño ren de que me disculpar que eu nada fixen, pois a ollar as cousas que pasan diante dun non é culpa dun, por máis que llas apoñan ou que llas queiran apoñer.

–

–Feitos? Feitos sonlle todos, tanto os que pasan fóra dun coma os que pasan dentro dun. O que pasou, pasou. E arestora xa ren queda do que pasou fóra dun, senón dentro dun. Agora todo está dentro de min, e si non me peta de me baleirar do que teño dentro, pois o que pasou queda como si non tivera pasado.

–

–Deus lle me libre! Téñolle todo o respecto que vostede merez. Pro tamén teño que decir as cousas como sei decilas e non podo decilas de outro xeito, por mais voltas que lle dea. A máis deso, os feitos, como vostede me enséña, por máis que faga non veñen a mamoria uns detrás doutros, todos en fía, senón todos xuntos e mesturados, coma si o tempo se mesturase tamén e todas as horas se tivesen mesturado sen se quere asoparar unhas das outras. Ó que foi de día, se me poño a matinar, aínda podo conquerirille certa disposición. Pro o que pasou á noite... a noite está ategada de cousas, todas tan xuntas que mesmo me somella que non puido habere tempo para tanto, coma si foran moitas noites xuntas, unhas a cabo de outras, ou unha noite moi longa, sen día no entremeio; ou como cousas desaceitadas, sen antes nen dempois, que nin eu mesmo me entendo... a máis diso, tiven moitas vegadas o "pensamento", que me veu moi seguido, e daquela é coma si me ceibasen do tempo e de todo, coma si estivese e non estivese... Conque indo ó caso, a tía Esquilacha, como cheirou que había cartos, fíxonos unha boa tortilla de patacas, chourizos e cebola, e tamén uns pementos fritos, que comimos na cociña, ó pé do lume, onde os arrieiros estaban a asar castañas novas que traguían nunca saqueta.

(De *A esmorga*).

Anxel Fole

OS LOBOS

Moitas veces ouvín decir que os lobos non atacan ás persoas. E isto non é certo. O segredario de Caldas foi comido por lles cando voltaba da feira de Viana. Algús dixeron que o mataran por arroubalo, e que despois o comeran os lobos; mais a douscentos metros de ondia o comeran foi atopado un lobo morto coa gorxa afurriada por unha bala. Aquiles días viran os pastores unha manada de dez cunha loba con tres lobecos. Era tempo de neve, e baixaran da serra da Moá. Ó parecer, despois de esgotados os cartuchos, quixo subirse a un albre, mais non puido. Alí estaba o seu carón, o revólver con seis cartuchos baleiros no lombo. Era un bon revólver americano. Ó sentirse feridos algús lobos, todos se botaron enriba dil. Si tivera un bon foco elétrico ceicais se salvara. Ós lobos se non se lles fire de morte é peor. Eu matei un con dous tiros de postas. Foi morrer tres cantos máis aló de ondia o asegundara. Atináralle na testa e no fuciño, e iba deixando un regueiro de sangue. Arrincaba cos dentes os cañotos das xestas. Ceicais non se me arrepuxo porque era de día.

De noite médralles o corazón e son moi valentes. Non vos riades. Tamén lles pasa iso ós lubicás. O señor cura de Peites tiña un. De noite íbase ó monte e chamaba ós lobos. Viñan con il. Din que abría os tarabelos das cuadras coma unha persoa. Unha noite velouno o señor cura. Era un gran cazador. Tiña un rifle de dez tiros que lle trouguera un sobriño de California. Meteulle dous tiros seguidos no entrecello ó galgar un pasadelo. O crego estaba na xanela da reitoral cun foco, i o lubicán voltaba do monte, polas tres da mañá, acompañado dos lobos. Abrírono i esfolárono axiña, e viron que tiña o corazón finchado...

¿Sabedes cando se estreven os lobos cos homes? Cando teñen moita fame, ou cando se decatan de que lles teñen medo. Por iso cáseque nunca atacan a tres ou máis xuntos. Cando se atopan un home soio pola serra, pónense a traballalo. Teñen moito *distinto*... Xa veredes coma o traballan. De primeiro, acompañano; despois, pónenselle diante; máis tarde, chéganlle a zorrega-las pernas cos rabos... Así, pouquiño a pouquiño. Vén un intre en que o home xa non pode máis. O medo alporízalle os cabelos. Parécelle que lle cravaran allambres na testa. Váiselle a voz, perde o sentido. Xa está perdido. Bótanse os lobos enriba dil i esnaquízano. Cada vinte anos ou menos, dáse por istas terras un caso dises. Desaparece un home. Crese que o mataron ou que fuxiu prás Américas. Ó cabo de dous ou tres anos nin-

guén fala dil. Un cazador atopa nunha xesteira unha calivera. ¿De que sería? Así lle aconteceu ó *Pastrán* de Vesuña fai moitos anos. Mais si o home non perde o coraxe non se atreven coíl.

Todos coñecedes coma min ó Emilio, o castrador de Rugando. Atendede ben e xa sabereis que é certo todo canto levo dito encol dos lobos. E vostedes tamén, señoritos...

Non habería rapaz coma il se non fora tan xogantín. Xogaba hastra a camisa. Unha vez, na cantina da Cruz, xogou a besta con tódolos arreos, e perdeuna. Tivo que andar a pé castrando ranchos dende Leixazós a Pacios, ou de Bustelo a Vilañán. Era home moi botado para diante, i o primeiro nas liortas.

Se non me trabuco, fora pola Santa Lucía cando lle aconteceu o que vos vou contar. Por ise tempo todos sabedes que non traballan os capadores. O bon do home adicábase á farra. Faguía pouco que se casara cunha moza de casa forte. Xa estaba en tratos cun xateiro da Hermida pra mercar un cabalo.

Queríano moito en tódolos sitios onde capaba ranchos, e convidábano sempre á mata. Aquil día xantara en Arnado. Xa se sabe coma son ises xantares da mata. Empezan ás doce, poño por caso, e rematan ás cinco. O fígado asado con aceite e pimento, os roxós i o raxo. Viño, nunca falta. Tempo de fartura. Xantara aquil día en cas do *Rulo*. Enchéranse de néboa os cavorcos. Non se vía un burro a tres pasos, dispensando.

O *Rulo* díxolle que pasara a noite na súa casa.

-Andan os lobos –adevertiulle- moi bastos. Con ista néboa tan mesta pódeste esfragar. Non che pase coma o Bieito da Corga cando iba pra Ferramolín, que se derrubou polo canto do Mazo e foi dar ó río. Alí quedou difunto cos cuadrís partidos por testalán, pois teimou coma ti por saír de Vilarbacú unha noite coma a de hoxe. Mais o capador faguía pouco que se casara, coma vos dixen, e non houbo xeito de faguelo quedar. Nin tan siquera quixo levar algus fachucos de palla pra o camiño. E alá se foi o Rugando tan soio cunha cachaba de freixo i a súa navalla no peto pra se defendere. Gracias a Dios que coñecía ben o camiño. Xa levo dito que era home valente. Il mesmo mo contou en Santa Cubicia de Quiroga, na tasca do Avelino.

Polas primeiras horas todo foi ben. Non viu amosas de lobos por ningures. Parouse a acender un pitelo inantes de chegar á lindeira da devesa de Bonxa. Mais de alí a un pouquiño ouviu patuxar nun trollo. Xa sabedes que é un terreo fondal ondía se encora a iauga. Unha miaxiña dispois ouviu un longo aulido. I outro lle respondeu da outra banda da valgada. Tamén sentiu unhas carreiriñas polos dous lados do camiño. Os lobos seguían chamándose os us ós outros. Por sorte pra il, había moitos seixos no camiño. Encheu tódolos petos de croios. Non me dixo que empezara a ter medo, mais eu coído que si...

Dous lobos grandismos fórono acompañando. Iban sempre de par dil, ás dúas maos. Cáseque parecían dous cas que foran con seu amo. Se il se paraba, tamén iles se paraban. Algunhas veces puñanselle diante. Entón, o capador guindáballes un coio. E batíalles. Os lobos desapartábanse. No máis fondal dunha congostra tivo que pasar un pontigo. Había esgotado as pedras que trouguera nos petos. Xa lle quedaban poucos fósforos. Do outro lado do pontigo viu unhas luces coma de vagalumes. Acendeu un fósforo. Non había pedras no camiño. Tivo que coller bulleiro coas maos e tirarlo ós lobos, ó mesmo tempo que berraba moi forte. Ergueuse un e deixouno pasar. Cecais foran seis. A todos lles relocían os ollos. Un diles botoulle os dentes á cachaba i arrincoulla da mao. Íbanse metendo nil cada vez máis. Hastra lle fustrigaban as pernas cos rabos. Acendeu, un tras outro, os tres fósforos que lle quedaban. Gracias a isto puido coller un coio. Atinoulle a un lobo no peito. Regañaban todos os dentes coma cando se van a botar sobor das ovellas. Xa sentía que se lle esmorecían os pulsos, que se iba quedando sen forcia. Os lobos seguían a chamarse us ós outros. Tremaba coma un vimbio. Xa non os podía escorrentar nin siquera berrar. Íballe a estoupar o corazón. Unhas cantas lancañadas máis e xa estaría na casa. ¿Podería dalas? De sutaque, viu tremelar unhas luces na tébrega; ladraban us cas ó lonxe. Meteu os dedos na boca i asubiou. Chamábano de lonxe. Estourou un tiro de escopeta.

-Anda *Rabelo*, anda *Sultán* ouviu que decían.

Diante il había tres fachucos de palla ardendo. Seus tres cuñados dábanlle fortes apertas.

-Andabámoste buscando –dixo un. Chegaron o *Sultán* i o *Rabelo* brincando ó seu redor e dando ouveos de ledicia. Entraron na casa. As mulleres estaban na cociña. Na gran lareira había un bon lume.

-Traguédeme auga –dixo o capador.

E caíu estalicado no chan.

Todos se alporizaron. Houbo moitos berros e prantos. Máis de dúas horas estivo sen sentido. Levárono ó leito. A forcia de fretas volveulle o acordo.

-Se non salírades a buscarme tan soio se me atoparían os ósos. Xa non podía resistir máis –dixo o bon do home. Pra que vexades como traballan os lobos á xente.

(De *Á lus do candil*)

MELLE DE LOBOSO

Un tal Melle, veciño de Loboso, Partido de Mondoñedo, decidiu cando xa cumprira setenta anos, aprender a ler e a escribir, e en menos dun mes o mestre houbo de dalo por útil. Ós que lle preguntaban a que viña tomar aquel traballo ós seus anos, contestaba que ó mellor podía mandar algún recado dende o outro mundo, e entón sempre sería mellor por escrito que de palabra. Para que non houber dúbida de que era el quen mandaba as novas, deixaría denantes de morrer unha mostra de letra en papel de barba. E mandou Melle que cando morrese, que lle metesen no peto da chaqueta papel, sobres e lapis tinta.

Finouse Melle, i enterrárono co recado de escribir que pedira, i o lápiz tinta afiado pólos dous cabos, i aínda lle meteron no peto unha navalliña por si quebraba pontas, que apertaba moito ó escribir... Pasóu o tempo e non chegaba recado ningún de Melle i a xente de Loboso íbase esquecendo da ocorrencia. Pasaron dous longos invernos e dous ledos e pequenos veráns. Un sobriño de Melle, por Pascua, mercóu na feira de Meira un par de galiñas, unha negra castel i outra do pescozo pelado, i ó soltalas na eira miroulles o ovo, e ista derradeira viña co il na punta, tanto que o puxo deloutro día, cediño, e cacarexouno ben. Era un ovo longo, longo, coa casca mourenta e manchada. O sobriño de Melle pensou que traguera dúas iemas, i antoxóuselle de almorzo unha torreznada, e cando xa se engurraran os liscos na sartén, partiú o ovo nun prato pra batelo, i o ovo, por de dentro, estaba baleiro de crara e xema, e somentes gardaba un sobre, no que estaba escrito con letra de lápiz tinta –letra comprobada do finado Melle– ésto: «Amañai la chimenea. Tu tío que lo es Victoriano Melle». E sob o nome, un solene rubricado. E ben se vía que o Melle tiña mollado a punta do lápiz máis de dúas veces escribindo o recado.

Deu a nova o sobriño a voces, acodiron os veciños, e foi lido cen veces o sobre. Cando o sobriño foi ó galiñeiro; a buscala galiña do pescozo pelado, atopouna morta. I o aviso do finado chegara a tempo si fora atendido, que dúas noites despois un vendabal que viña tolo, levouse a cheminea dos Melle.

E así e todo. Os Melle de Loboso conservan a carta do tío. Hai veciños de seu que aínda recibiron outras, e todos por ovos ou camiños máis sebredos aínda, pro que isas cartas non as amosan porque tratan de intereses, e consellos en preitos.

(De *Escola de menciñeiros*).

Xosé Neira Vilas

EU SON

Balbino. Un rapaz da aldea. Coma quen di, un ninguén. E ademais, pobre. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesar do que lle aconteceu por causa miña.

No verán ando descalzo. O po quente dos camiños faime alancar. Magóanme as areas e nunca falta algunha brocha para espetárseme nos pés. Érgome con noite pecha, ás dúas ou tres da mañá, para ir co gando, restrebar ou xuntar monllos. Cando amañece xa me doe o lombo e as pernas. Pero o día comeza. Sede, sol, moxardos.

No inverno, frío. Ganas de estar arreo ó pé do lume. Muíños apeados. Faladurías de neves e lobos. Os brazos son coma espeteiras para encolgar farrapos. Murnas, fridas, dedos sen tentos.

¡Que saben disto os nenos da vila!

Eles ignoran o que eu penso mentres boto ó corpo un gurrucho de caldo con broa. Ou o que sinto cando estou no monte pingando, aterecido, vendo por entre a chuvia un fantasma bretemoso en cada árbore.

A aldea é unha mestura de lama e fume, onde os cans ouvean e a xente morre «cando está de Deus», como di a madiña. Os rapaces somos tristes. Enredamos, corremos tras dos foguetes e ata rimos, pero somos tristes. Temos a pobreza e os trafegos da terra aniñados nos ollos.

Eu quixera andar mundo. Ir por mares e terras que non coñezo. Nacín e creime na aldea pero agora síntoa pequena, estreita. Coma se vivise nun cortizo. Teño pensamentos que non lle poden contar a ninguén. Algúns non me entenderían e outros chamaríanme tolo. Por iso escribo. E despois durmo coma unha pedra. Quedo desatafegado, libre, coma se me quitasen de enriba un bocoi. ¡Cousas miñas! E tamén de Smith, o capitán que estivo na guerra e cando voltou para a casa púxose a escribir todo o que lle acontecera. Así está nun libro que me trouxo o Landeiro.

¡Se eu fixese un libro! Nin falar. Ogallá que non me atopen o caderno. Daríame vergoña. E non é para menos. Porque nel baleiro todo o que sinto. Moi pouca xente o fai. Todos abren o peteiro para dúas cousas: para dicir a verdade ou para arredarse dela.

Na miña casa non me comprendían. E outro tanto acontéceme na do Landeiro. Iso é o peor que lle pode suceder a

un, pero a moita xente non se lle dá.

Eu non sei se esvarío. Vexo o mundo darredor de min e adoezo por entendela. Vexo sombras e luces, nubeiros que viaxan, lume, árbores. ¿Que é todo isto? Ninguén me di, poño por caso, para que serven as estrelas, nin onde morren os paxaros. Sei de certo que moitísimos anos antes de nacer eu xa había sol e penedos e fuxía a auga polo río. E estou seguro de que todo seguirá igual despois de que eu morra. Virá máis xente, e máis, tripando uns nos outros, esquecéndose adrede dos que morreron, coma se non houberen vivido.

Escribir no caderno —¡quen o diría!— é coma baldeirar o corazón. Parece un milagre. Pois á fin de contas non pasa de ser unha conversa comigo mesmo. Pero para min é milagre todo. Dende as pingueiras da chuvia ata o canto do grilo.

Ainda que se me ocorrese facer un libro, como fixo Smith, de pouco valería o que contase. Smith estivo na guerra, e eu son a penas «o neno», como me chaman na casa. Son Balbino. Un rapaz da aldea. Un ninguén.

(De *Memorias dun neno labrego*).

Xosé Luís Méndez Ferrín

15 de setembro

Meu querido tío:

De acordo coas súas instrucións, dispño-me a polo ao corrente das particularidades da miña chegada a este termo municipal de Nigueiroá e, máis exactamente, ao vilar de Lobosandaus, onde radica tanto a capitalidade do Concello canto a escola unitaria á que accedín en propiedade grazas á paternal protección e munificencia de Vde.

Sito na caeira da chamada Serra Grande, Lobosandaus élle un núcleo de poboación de cen veciños que me produciu unha forte impresión. Silencioso, o sol oblicuo deste remate de verao dálle un carácter mediterráneo, seco, lúcido. O seu campo da feira é unha devesa de carballos varias veces centenarios: aséntase sobre un socalco e faílle contorno unha grade de fundición con dous floróns fabricados por Malingre, imitantes dos da Alameda de Ourense, o que resulta un excelente belvedere sobre as chairas nas que ondula o río mínimo que alí se chama Das Gándaras e que nas cartas xeográficas reza como Lucenza por pasar no seu curso alto pola freguesía de tal nome. Da outra banda daquel espazo de carqueixas e de mato cativo, en cuxas ondulacións os dolmens non son raros, érguese un murallón escuro coroado de agullas de formas caprichosas, coma estrañas esculturas semellantes a fantasmáticas tuberías de órgao. É a Serra, contaría á chamada Grande, dita do Crasto. Nos seus máis altos cotos están chantados os marcos de Portugal. Agora mesmo, mentras lle escribo esta carta, momentos antes de me ir persoar na escola para face-lo acto da miña posesión, estou a ver desde o meu cuarto tan sobrecolledora extensión de baldíos, na que pacen as vacadas destas xentes pastoras e na que os albares producen o mel claro e pesado que lle ten dado merecida sona ao concello de Nigueiroá. Porque é o caso, meu señor tío, que tan axiña como cheguei fun pedido de me aposentar en casa parecida e fiqui altamente satisfeito del tal aloxamento.

Teño un amplo cuarto, con escritorio, que dá a unha galería coa que tamén comunican outras habitacións. Desde alí, vendo ao fondo os picoutos da raia, ireille escribindo a Vde. das pequenas cousas que vaian constituíndo o meu vivir en Lobosandaus, lugar que eu sinto agora, a penas unha hora de pór pé a terra da besta que me trouxera desde Bande, logo da viaxe interminábel en dilixencia, coma un final do mundo coñecido, recolleito en si mesmo aínda que solloso, amábel e hospitalario. Aparecida, a patroa da pousada e o seu home Luís non puideron ser máis atentos, cerimoniosos e cálidos na recepción que me fixeron. Con eles terei que vivir sabe Deus canto tempo e eles serán os que me introduzan na convivencia e coñecemento das xentes de Lobosandaus das que eu son, desde agora, veciño, aínda que privilexiado a causa da función docente e pública que eiquí me trouxo.

Deséxeme, por tanto, moita sorte meu señor tío, a quen beixo a mao con filial reverencia.

(De *Arraianos*).

PERCIVAL

Percival levantouse da cadeira, pechou a radio, ollou pola fenestra. A longa lúa íase perder ao lonxe antre semáforos roxos e verdes de anuncios fluorescentes. Zarróu a fenestra con forza e choeuna con empeño. Así estaba ben illado da rúa. A fenestra ben pechada. Do outro lado coches e cabarets, sí..., pero do outro lado da fenestra. E craro, il soio

ollaba a rúa a traveso dos vidros, e aínda así moi con presa e sen coidar en detalles. Entón ollouna e, co aceno de noxo adoitado, arretirou da rúa as mentes e a visión e pechou –como dixer– a fenestra.

Despóis paseouse a grandes pasos polo longo espazo que, a maneira de corredor, abríase antre feras fias de aves disecadas; por tras das aves erguíanse outas e preñadas estanterías a ostentaren orgullosos lombos dourados, e grasosos de pergaméu.

A radio estaba doorosamente silandeira enriba dunha mesiña de bimbio. Por todo un lenzo da parede, esgarabellos e volvoretas espetados de longo alfiler daban un áer de coor e de morte. Longas espadas, eisóticas e partidas polo meio, xacían por todo o chao da estancia.

Percival, despóis de pasear inqueda e de alcende-lo pitelo, saíu ao xardín. ¿Dixer ao xardín? Sí, ¡O xardín de Percival! Ninguén da terra e de fora puido ver atal maravilla. Era unha parcela sementada de herba e de árbores. Os árbores eran outos, erguían as súas copas poderosas cara a un ceo verde que inventara Percival. Os árbores eran vellos, tanto eran como é o mundo. A herba..., a herba ía decir que era verde..., pro se vou decir

verdade non teño máis remedio que confesar que, a certas horas de certos días, aparecía da coor do viño. Ademais había unha casaña de tellóns e ouralita que fechaba un water, e tiña unha porta escangallada e podre de humedén. Percival adoitaba chamalo seu xardín: “O Xardín dos Outos Árbores”. Como dixer, Percival saíu ao xardín. Pero ademais xa tiña saído outras moitas veces. Historiaréi algunha de isas vegadas, das vegadas que Percival saíu ao xardín:

Primeira vez O LEONLOBISCO

Percival fechou a radio, non lle gostaba Offgent. Saíu logo ao xardín cun libro na mao. Saíu ao “Xardín dos Outos Árbores”. Os árbores eran aínda máis outos e máis vellos. Deixou caer o libro ao chao e ollou os outos árbores do xardín. Eran carballos, bidueiras... As raíces torcíanse curvando os lombos de anaconda enriba da terra; os troncos eran encortizados, carricentos, rogosos...; algúns eran todo cortizo, valeiros de miolo, só pantasma e ruína de árbore: a cañota. As polas, brillantes de follas lustrosas, combábanse baixo o peso de niños de corvo. Os copos eran bóvedas rumorosas plenas de suxerencia...Era a tardiña. O sol ao se deitar era un fachón de lume tras do bosco. A lús, peneirada e vermella, viña polo bosco. O bosco empezaba a poboarse de sombras de misterio. Voaban os bufos e os mouchos e os morcegos, por baixo da ramaxe. Un alento heroico atravesaba o bosco hastra Percival.

- Pele, Pele...! Berróu il.

Apareceu o maordomo, de patillas.

- Mandostede.

- Traime as armas e o cabalo branco; vou saír.

Percival armouse de loriga ben mallada, encaixou elmo empenado de penas brancas, calzouse espóra de ouro, vestiu brial, cinguíu espada, embrazou escudo, empuñou lanzón.

- ¿Vai vir a ceo o señor?

O cabaleiro penetróu na floresta. Agallopou pola floresta mentres os longos dedos das polas secas lle arrebuñaban a face. O cabalo redobrava monótonamente, até o choutar unha pedra, ou un tronco derrubado i entón rompiase o unísono e aparecía, maxestosa e creadora, a nota discordante. Por antre os árbores da dereita viñanlle ecos silandeiros de esqueletes e brancuras de noiva ética: era a lúa que erguía o voo.

No meio do bosco parouse Percival:

- ¿Qué fago eu eiquí?—~~o~~ pra il. ¿Cómo estou de guerreiro? ¿Por qué saín da casa? ¿Ónde empezou iste bosco que percorro? ¿Aónde vou?

No meio do bosco, Percival sofria ao se perguntar isto. Cando, coma unha resposta, resoou un longo salaio animal por todo o bosco... Un oubeo de lobo que findou en rouca queixa de leona.

- Xa sei pra onde vou.

E deixou ir cara o lugar onde saía o oubeo. Ao pouco tempo, o bosco findouse e veu o craro. Un craro sen árbores, sen herba, sen nada...; o ser mesmo do craro viña dado pola súa ineistencia. Pero ao pouco tempo, o craro comenzo a se queixar i el ouviu, ben distinto, o berro do lobo e de león antremesturados. O calreiro oubeaba e queixábase. Falóu Percival:

- ¿Quén es tí, e de qué te queixas?

Falou o calveiro

- Son o dono desta banda do bosco, onde cazo eu soio.

Falóu Percival

- Falta de verdade, o bosco é meu e ista parte tamén é miña.

Falou o calveiro

- Non, que é miña.

Falóu Percival

- ¿Cómo te chamas?

Falou o calveiro

- Leonlobisco.

Falóu Percival

- ¿E logo por qué?

Falou o calveiro

- Porque eu son meio lobo e meio león.

Falóu Percival

- Pois non che vexo atal figura...

Falou o calveiro

- Pois agora verás.

E naquil intre, o craro do bosco deixou de ser tal pra se converter nun animal que tiña corpo de lobo e cabeza de león. Ao mesmo tempo, o calveiro foi ocupado polo bosco. Xa era todo bosco. A ramaxe tollía o sol. Percival fixo o sinal de Crús, baixou do cabalo, pendurou o escudo da sela, apoiou a lanza nunha cañota, descinguíu a espada i empuñou o coitelo; despois, de pernas abertas e cervice baixa, foise contra o Leonlobisco. Iste agardábao movendo o rabo e a arregaña-los dentes. Choutoulle a besta á caluga. Cunha mao il colleuna polo pescozo, e coa outra espetoulle o coitelo.

Xacéu o cadavre do Leonlobisco aos pés de Percival. Despelexouno o cabaleiro e cobréu a sela coa pel sangante. Despois voltou á casa.

- ¿Cómo lle foi ao señor? Perguntou o maordomo.

- Ben...ben. Matéi un mostro que oubeaba alá no fondo, e quiteille unha parcela de bosco que tiña pra caza. Tes que ir un día distes pra limpar aquilo...¡Ah! Toma ista pelica e manda facer unha alfombra pró teu carto. Axúdame a desarmar que veño canso...

(De Percival e outras historias).

Carlos Casares

O XOGO DA GUERRA

Botaron a sortes e tocoume a min. Eu penso que fixeron trampa, pero calei. Dixome o Rata: "Vai". Eu non quería ir, digo a verdade. Pero cando o Rata dicía vai, había que ir. O Rata estaba tolo, segundo a miña nai. Pero eu penso que non estaba tolo, que era atravesado e de mala lei. "Vai", dixo outra vez. E fun. A casa de don Domingo quedaba lonxe. Algo asó como a dous quilómetros. Tiven que dar un rodeo para non pasar por diante da zapatería do meu pai. Pensei:"escapo para a casa e xa está". Pero collín medo. Ademais ía calor e na casa no verán non se para coas moscas. Cheguei ao chالé de don Domingo e berrei: -¡Zalo...! Ladraron os cans. Agardei

un pouco e volví chamalo: -¡Zalo..! Cando apareceu, de seguida me dei conta de que viña de durmir a sesta. Díxome: "¿Que pasa!? Eu díxenlle: "O Rata agárdate no río. Cazou unha bolboreta moi bonita. Di que vaias, que cha dá para a colección". O Zalo era tolo polas bolboretas. E o Rata, que cabrón, cómo lle sabía dar co gusto á xente. -¿Onde está o Rata? -No campo da Bomba. Saimos correndo. Cando chegamos, o Rata estaba bañándose no río. Ao nos ver, saíu. Mirou ao Zalo con cara de atravesado e díxolle: "Hola, "¿Queres a bolboreta?". O Zalo volveuse cara a min como preguntando. A verdade, eu non quería. O Rata asubiu e entre todos botáronse ao Zalo. Espírono e atárono a un amieiro. O Zalo choraba e a min déronme ganas de chorar. Eso non se lle fai a ninguén e menos a traición. O Rata chuspiulle alí, naquel sitio, e chamoulle caguetas. "Non se chora", dixo. Despois colleu un vimbio e pasoullo polas pernas o pola barriga sen lle dar. Botamos a sortes e tocoume a min. Quixen fuxir ou tirarme ao río, pero o Rata miroume así, como mira el, e collín o vimbio. "Veña"- Díxenlle que non. "Mira, Rafael, que te imos atar a ti". "Non", "Mira Rafael, que non me enchas". "Mira Rafael..." "Pola voz souben que me ía dicir o da miña nai. Agarrei o vimbio e funme cara ó Zalo. Eu non quería, ben o sabe Deus. E deulle no pescozo. Os outros berraron: "¡Máis!" E eu non vía. E daba. E sentía o sol dentro da cabeza e os chíidos do Zalo, que se me espetaban nos ouvidos. E daba. "¡Máis!" Doíame o brazo de tanto subir e baixar. "¡Máis!" Cando mirei para o Zalo gañei medo. Sangraba por todas partes e comían as moscas. Estaba como morto. Non falaba. O Rata e os outros fuxiron. Eu tamén fuxín. Eu non quería, digo a verdade. Díxenllo a aquel señor, pero non me fixeron caso. Tamén lle dixen que fora por sortes, que em tocara a min. Pero non me escoitou. Faloume do inferno e entón calei. Agora estou neste colexio. Aquí levo un ano. É primavera e non podo saír. Ao mellor saio para xuño. Onte leváronme á sala de castigos. Din que non se pode andar sós, que hai que xogar. Tampouco se pode andar de dous an dous. A puta que os pariu a todos. Eu quero andar só para pensar. A min non me gusta xogar ao fútbol nin ao frontón. Gústame xogar no lavabo. E non se pode. Está prohibido. Pero polas noites, cando todos dormen, érgome e vou aos lavabos e xogo á guerra. Pollo día collo moscas e gárdoas nunha caixa de mistos. Pola noite meto as moscas na pileta e ábrolle á billa, pouquiño a pouco, paseniño. As moscas soben, foxen pola pileta enriba, pero eu doules para abaixo cunha paliña e afogan. É a guerra. Un día colléronme e leváronme á sala de castigos. E chamáronme marrán por andar coas moscas nas mans. ¿E que? Se non fose pola guerra, podrecía de noxo. No inverno, como non había moscas, xogaba cos cachiños de papel, pero non é tan bonito. Para xullo din que saio. O Rata, ao mellor, pensa que me esquecín. Estache bon. Estache bon. Heino arranxar ben arranxado. El ha pensar que somos amigos. Estache bon ¡Ai, Rata! "¿Vés ao río?" El vén, que lle gusta moito. "¿Xogamos aos submarinos?" El xoga, que lle gusta moito xogar aos submarinos. Primeiro paso eu. Paso dúas ou tres veces. Despois que pase el. Eu escarránchome e el pasa por debaixo da auga entre as miñas pernas. E así dúas ou tres veces, para que se confíe. Pouquiño a pouco. Paseniño. E entón, hala, cando pase, pecho as pernas e queda preso polo pescozo. Pouquiño a pouco. Paseniño. Como as moscas da pileta.

(De *Vento ferido*).

María Xosé Queizán

CAPÍTULO III (Fragmento)

A borrasca disipada deixara o lugar ó sol e a tarde tiña esa transparencia de atmósfera recentemente lavada. Os contornos das montañas estaban perfectamente delimitados e as illas Cies parecían recortes de cartón no ceo claro que impelía as últimas nubes cara os lindes abismais do firmamento. Eran os momentos preferidos por Amantia, cando cheiraba a terra mollada e o ambiente tiña ese aire de saudade non se sabe se das chuvias alonxadas ou da optimista recuperación solar. Tiñan eses momentos unha lucidez máxica sen lugar para a alucinación. E era precisamente a claridade o que Amantia necesitaba na súa conversa íntima con Exería. Comezaron a vaguear sen rumbo, aínda que a dirección non premeditada dun xeito consciente, habíaas levar ó mar. Amantia estaba demasiado mergullada na ansiedade para poder elixir libremente o camiño. Sabía que o que tiña que revelar a Exería, máis ben revelarse a si mesma, ía ser un parto de maiores dificultades que o que debía atender Lucila. Os sentimentos, como os fetos, vanse formando a partir de nós, mais sen a nosa percepción ata que xa son grandes abondo, golpean e puxan por saír. Declarados xa, hai que botalos fóra porque, como di sabiamente a expresión popular, non caben no peito.

[...]

A intensidade olorosa precipitou a confesión de Amantia e para sempre quedaría asociado na súa memoria o cheiro

da madeira cortada e aqueles momentos.

- Din *quod oculus non videt, cor non desiderat*. Para min é xustamente o contrario. Na túa última ausencia sentiáte máis viva que nunca.. Comprendín que me faltabas e te necesitaba para vivir. Os meus días eran inútiles. As miñas noites tormentosas. Cismaba sen parar e cheguei á conclusión de que tiñas que sabelo. Exería, eu ámote.

Xa estaba dito. Fora simple. Amantia sentiuse liberada daquela lousa imposible de soportar que aturara tanto tempo. Naquel intre pareceulle absurdo ter calado, non telo dito antes. Pero , era difícil. Coñecían o amor entre mulleres a través da literatura pero sempre daba a impresión de que eses sentimentos, como animais mitolóxicos, non se daban na realidade. Por outra parte, as mulleres estaban afeitas a recibi-las declaracións dos homes pero non a toma-la iniciativa amorosa. Podían, e mesmo se agardaba que o fixesen, provocar coas olladas, cos xestos, coa actitude a declaración do amante, pero, en ningún caso a seren elas as que tivesen a enerxía de comezala. A valentía de Amantía fora grande e soamente a forza e a claridade dos seus sentimentos a puido decidir.

Exería non era unha timorata. Non resultaba fácil asustala. Pola contra era a máis intrépida de todas. Pero sentiase aturdida como se vagara nunha doma sen remos, mesmo se a mar que a rodeaba era calma, moi calma e dóce. Non foi quen de soste-la ollada da amiga, e intentou dicir algo, non sabía ben o que. Amantia comprendeu e calouna. Colleu a súa pequena man, como unha rapariga orfa, e notou como se abrandaba, como se esfarelaba por dentro, como o sangue parecía abandonala deixándolle simplemente a sensación incomparable dos dedos de Exería entre os seus. Vibraba como se viñese de cria-lo lóstrego para ser axiña destruída por el. Comprendía, xa o comprendera en soños, por que comparan o amor coa morte. Anonadarse, aniquilarse, fundirse en Exería era o seu desexo. Sentiu que a man da amiga, sen moverse, tamén se electrizaba entre a súa nunha absoluta transmisión. ¡Se puidesen ficar así para sempre nesta amortecida e total felicidade!, pensou.

(De *Amantía*).

Suso de Toro

OUTRA VEZ

Por favor, outra vez non. Xa era a terceira vez en cinco días que lle pasaba, saír do ascensor e atopar un portal distinto de cada vez. Este era escuro, o típico felpudo que ía da entrada do ascensor baixando dous banzos ata a porta. A típica xardineira con plantas de plástico a un lado. Mirou nas caixas do correo. Alí estaba unha caixa do correo co nome seu, esa non era a súa caixa do correo. A ver se había correspondencia. Non había nada. Mecagoental, deulle un pequeno golpe coa man. Era para cabrearse. Que o portal da túa casa cambie constantemente, a algúns construtores habíaos que fusilar.

Camiñou por riba do felpudo. Abriu a porta e saíu á rúa. O terrible é que ata agora sempre o atopara cambiado cando saía do piso, pero calquera día podía cambiar estando el fóra e se cadra logo non sabía dar coa súa casa. ¿Cambiaría tamén a fachada do edificio? ¿E o número? Volveu atrás lixeiro. 78. Non, claro, o número non podía cambiar, ¿Se non como lle había chegar a correspondencia? Claro que ultimamente estáballe a chagar moi pouca correspondencia. Quen sabía, se cadra tamén cambiaba o número.

¿E que dirían os outros veciños dos cambios? Calquera sabía, naquel edificio un nunca daba coñecido aos veciños, un sempre vía caras novas. Seguramente era xente que alugaba piso por unha tempada ou por meses. Uns viñan e outros ían, sempre caras novas. Se cadra nin se decataban. Si. Inda bo é, se quedaba na rúa sen poder entrar polo menos non podía perder os carnés. Nunca se sabía, igual nunca sucedía pero se sucedía non quedar na rúa sen os papeis sequera. ¿Quen lle cre a un se non leva carne? Apalpou o vulto da carteira na chaqueta. Mirou a hora, apurou o paso, xa era algo tarde.

(De *Tic Tac*).

"A LINGUA DAS BOLBORETAS"

¿Qué hai, Pardal? Espero que este ano poidamos ver por fin a lingua das bolboretas". O mestre agardaba desde había tempo que lle enviaran un microscopio aos da Instrucción pública. Tanto nos falaba de cómo se agrandaban as cousas miúdas é invisibles por aquel aparato que os nenos chegabamos a velas de verdade, como se as súas verbas entusiastas tiveran o efecto de poderosas lentes.

"A lingua da bolboreta é unha trompa enroscada como un resorte de reloxo. Se hai unha flor que a atrae, desenrólaa e métea no cáliz para zugar. Cando levades o dedo humedecido a un tarro de azucre, ¿a que sentides xa o doce na boca como se a xema fora a punta da lingua? Pois así é a lingua da bolboreta". E entón todos tiñamos envexa das bolboretas. Que marabilla. Ir polo mundo voando, con eses traxes de festa, e parar en flores como tabernas con bocois cheos de xarope.

Eu quería moito a aquel mestre. Ao principio, os meus pais non podían crelo. Quero dicir que non podían entender como eu quería ao meu mestre. Cando era un picariño, a escola era unha ameaza terrible. Unha palabra que cimbraba no aire como unha vara de vimbio.

"¡Xa verás cando vaias á escola!"

Dous dos meus tíos, como moitos outros mozos, emigraran a América por non ir de quintos á guerra de Marrocos. Pois ben, eu tamén soñaba con ir a América só por non ir á escola. De feito, había historias de nenos que fuxían ao monte para evitar aquel suplicio. Aparecían aos dous ou tres días, atarecidos e sen fala, como desertores do Barranco do Lobo.

Eu ía para seis anos e chamábanme todos Pardal. Outros nenos da miña idade xa traballaban. Pero o meu pai era xastre e non tiña terras nin gando. Prefería verme lonxe que non enredando no pequeno taller de costura. Así pasaba grande parte do día a correr pola Alameda, e foi Cordeiro, o recolledor de lixo e follas secas, o que me puxo o alcume. "Pareces un pardal".

Creo que nunca corrín tanto como aquel verán anterior ao ingreso na escola. Corría como un tolo e ás veces sobrepasaba o linde da Alameda e seguía lonxe, coa mirada posta na cima do monte Sinai, coa ilusión de que algún día me saírían ás e podería chegar a Bos Aires. Pero xamais sobrepasei aquela montaña máxica. "¡Xa verás cando vaias á escola!"

O meu pai contaba como un tormento, como se lle arrincara as amígdalas coa man, a maneira en que y mestre lles arrincaba a gheada da fala para que non dixeran aghua nin gható nin ghracias. "Todas as mañás tiñamos que dicir a frase Los pájaros de Guadalajara tienen la garganta llena de trigo. ¡Moitos paos levamos por culpa de Ghuadalagara!" Se de verdade quería meterme medo, conseguíuno. A noite da véspera non durmín. Encollido na cama, escoitaba o reloxo de parede na sala coa anguria dun condenado. O día chegou cunha claridade de mandil de carnicero. Non mentiría se lle dixera aos meus pais que estaba enfermo.

O medo, como un rato, roíame os adentros.

E mexeime. Non me mexei na cama senón na escola.

Recórdoo moi ben. Pasaron tantos anos e aínda sinto unha humidade cálida e vergoñenta escorregando polas pernas. Estaba sentado no derradeiro pupitre, medio agachado coa esperanza de que ninguén se decatara da miña existencia, ata poder saír e botar a voar pola Alameda.

"A ver, vostede, ¡póñase en pé!"

O destino sempre avisa. Levantei os oílos e vin con espanto que a orde ía por min. Aquel mestre feo como un bicho sinalábame coa regra. Era pequena, de madeira, pero a min pareceume a lanza de Abd el-Krim.

"¿Cal é o seu nome?"

"Pardal".

Todos os nenos riron a gargalladas. Sentín como se me bateran con latas nas orellas.

"¿Pardal?"

Non recordaba nada. Nin o meu nome. Todo o que eu fora ata entón desaparecera da miña cabeza. Os meus pais eran dúas figuras borrosas que se esvaían na memoria. Mirei cara ao ventanal, buscando con anguria as árbores da alameda.

E foi entón cando me mexei.

Cando se decataron os outros rapaces, as gargalladas aumentaron e resoaban como trallazos. Fuxín. Botei a correr como un toliño con ás. Corría, corría como só se corre en soños e vén tras dun o Sacaúntod. Eu estaba convencido de que iso era o que facía o mestre. Vir tras de min. Podía sentir o seu alento no pescozo e o de todos os nenos, como matilla de cans á caza dun raposo. Pero cando cheguei á altura do palco da música e mirei cara a atrás, vin que ninguén me seguira, que estaba só co meu medo, empapado de suor e mexos. O palco estaba baleiro. Ninguén parecía reparar en min, pero eu tiña a sensación de que toda a vila estaba a disimular, que ducias de ollos censuradores axexaban nas fiestras, e que as linguas murmuradoras non tardarían en levarlle a nova aos meus pais. As pernas decidiron por min. Camiñaron cara ao Sinaí cunha determinación descoñecida ata entón. Esta vez chegaría ata A Coruña e embarcaría de polsón nun deses navios que levan a Bos Aires. Desde o cume do Sinaí non se vía o mar senón outro monte máis grande aínda, con penedos recortados como torres dunha fortaleza inaccesible. Agora recordo cunha mestura de asombro e saudade o que fun quen de facer aquel día. Eu só, no cumio, sentado en cadeira de pedra, baixo as estrelas, mentres no val se movían como vagalumes os que con candil andaban á miña procura. O meu nome cruzaba a noite ao lombo dos ouveos dos cans. Non estaba abraiado. Era como se atravesara a liña do medo. Por iso non chorei nin me resistín cando chegou onda min a sombra rexa de Cordeiro. Envolveume co seu chaquetón e colleume no colo. "Tranquilo Pardal, xa pasou todo".

Durmín como un santo aquela noite, pegadiño á nai. Ninguén me ríara. O meu pai ficara na cocíña, fumando en silencio, cos cóbados sobre o mantel de hule, as cobichas amoreadas no cinreiro de cuncha de vieira, tal como pasara cando morrera a avoa.

Tiña a sensación de que a miña nai non me soltara a man en toda a noite, Así me levou, collido como quen leva un seirón, na miña volta é escola. E nesta ocasión, co corazón sereno, puideron fixarme por vez primeira no mestre. Tiña a cara dun sapo.

O sapo sorría. Beliscoume a meixela con agarimo. "¡Gústame ese nome, Pardal!". E aquel belisco feríume como un doce de café. Pero o máis increíble foi cando, no medio dun silencio absoluto, me levou da man cara á súa mesa e sentoume na súa cadeira. E ficou de pé, colleu un libro e dixo:

"Temos un novo compañeiro. É unha alegría para todos e imos recibilo cun aplauso". Pensei que me ía mexar de novo polos pantalóns, pero só notei unha humidade nos ollos. "Ben, e agora, imos comezar cun poema. ¿A quen lle toca? ¿Romualdo? Veña, Romualdo, achégate. Xa sabes, a modiño e en voz ben alta".

A Romualdo os pantalóns curtos quedábanlle ridículos. Tiña as pernas moi longas e mouras, cos xeonllos cheos de feridas.

Una tarde parda y fría...

"Un momento, Romualdo, ¿qué é o que vas ler?"

"Una poesía, señor".

"¿E como se titula?"

"Recuerdo infantil. O seu autor é don Antonio Machado".

"Moi ben, Romualdo, adiante. A modiño e en voz alta. Repara na puntuación".

O chamado Romualdo, a quen eu coñecía de carrexar sacos de piñas como neno que era de Altamira, carraspeu como un vello fumador de picadura e leu cunha voz increíble, espléndida, que parecía saída da radio de Manolo Suárez, o indiano de Montevideo.

Una tarde parda y fría
de invierno. Los colegiales
estudian. Monotonía
de lluvia tras los cristales.
Es la clase. En un cartel
se representa a Caín
fugitivo, y muerto Abel,
junto a una mancha carmín...

"Moi ben. ¿Qué significa monotonía de lluvia, Romualdo?", preguntou o mestre.

"Que chove despois de chover, don Gregorio".

"¿Rezaches?", preguntou mamá, mentres pasaba o ferro pola roupa que papá cosera durante o día. Na cocíña, a pota

da cea despedía un arrecendo amargo de nabiza.

"Pois si", dixer eu non moi seguro. "Unha cousa que falaba de Caín e Abel".

"Iso está ben", dixo mamá. "Non sei por que din que ese novo mestre é un ateo".

"¿Qué é un ateo?"

"Alguén que di que Deus non existe". Mamá fixo un aceno de desagrado e pasou o ferro con enerxía polas engurras dun pantalón.

"¿Papá é un ateo?" Mamá posou o ferro e miroume fite.

"¿Cómo vai ser papá un ateo? ¿Cómo se che ocorre preguntar esa parvada?"

Eu escoitara moitas veces a meu pai blasfemar contra Deus. Facían todos os homes. Cando algo ía mal, cuspián no chan e dicían esa cousa tremenda contra Deus. Dicían as dous cousas: Cagho en Deus, cagho no Demo. Parecíame que só as mulleres crían de verdade en Deus.

"¿E o Demo? ¿Existe o Demo?"

"¡Por suposto!"

O fervor facía bailar a tapa da pota. Daquela boca mutante saían bafaradas de vapor e gargallos de espuma e verza. Unha avelaiña revoaba no teito arredor da lámpada eléctrica que colgaba do cable trezado. Mamá estaba enfurruñada como cada vez que tiña que pasar o ferro. A súa cara tensábase cando marcaba a raia das perneiras. Pero agora falaba nun ton suave e algo triste, como se se referira a un desvalido.

"O Demo era un anxo, pero fixose malo".

A avelaiña bateu contra a lámpada, que abaneou lixeiramente e desordenou as sombras.

"O mestre dixo hoxe que as bolboretas tamén teñen lingua, unha lingua fina e moi longa, que levan enrolada como o resorte dun reloxo. Váinola ensinar cun aparato que lle teñen que mandar de Madrid. ¿A que parece mentira iso de que as bolboretas teñan lingua?"

"Se el o di, é certo. Hai moitas cousas que parecen mentira e son verdade. ¿Gustouche a escola?"

"Moito. E non pega. O mestre non pega".

Non, o mestre don Gregorio non pegaba. Pola contra, case sempre sorría coa súa cara de sapo. Cando dous pelexaban no recreo, el chamábaos, "parecedes carneiros", e facía que se deran a man. Logo, sentábaos no mesmo pupitre. Así foi como fixen o meu mellor amigo, Dombodán, grande, bondadoso e torpe. Había outro rapaz, Eladio, que tiña un lunar na meixela, no que mallaría con gusto, pero nunca o fixen por medo a que o mestre me mandara darlle a man e que me cambiara de xunto a Dombodán. O xeito que tiña don Gregorio de mostrar un grande enfado era o silencio.

"Se vós non calades, terei que calar eu".

E ía cara ao ventanal, coa mirada ausente, perdida no Sinaí. Era un silencio prolongado, desacougante, como se nos deixara abandonados nun estraño país. Sentín pronto que o silencio do mestre era o peor castigo imaxinable. Porque todo o que tocaba era un conto engaiolante. O conto podía comezar cunha folla de papel, despois de pasar polo Amazonas e a sístole e diástole do corazón. Todo enfiaba, todo tiña sentido. A herba, a ovella, a la, a miña friaxe. Cando o mestre se dirixía ao mapamundi, ficabamos atentos como se se iluminara a pantalla do cine Rex. Sentiamos o medo dos indios cando escoitaron por vez primeira o rincho dos cabalos e o estoupido do arcabuz. Iamos ao lombo dos elefantes de Aníbal de Cartago polas neves dos Alpes, camiño de Roma. Loitamos con paos e pedras en Ponte Sampaio contra as tropas de Napoleón. Pero non todo eran guerras. Faciamos fouces e rellas de arado nas ferrerías do Incio. Escribimos cancioneros de amor en Provenza e no mar de Vigo. Construímos o Pórtico da Gloria. Plantamos as patacas que viñeran de América. E a América emigramos cando veu a peste da pataca. "As patacas viñeron de América", dixerlle á miña nai no xantar, cando deitou o prato diante miña.

"¡Que ían vir de América! Sempre houbo patacas", sentenciou ela.

"Non. Antes comíanse castañas. E tamén veu de América o maízo". Era a primeira vez que tiña clara a sensación de que, gracias ao mestre, sabía cousas importantes do noso mundo que eles, os pais, descoñecían. Pero os momentos máis fascinantes da escola eran cando o mestre falaba dos bichos. As arañas de auga inventaban

o submarino. As formigas coidaban dun gando que daba leite con azucre e cultivaban cogomelos. Había un paxaro en Australia que pintaba de cores o seu niño cunha especie de óleo que fabricaba con pigmentos vexetais. Nunca me esquecerei. Chamábanse o tilonorrinco. O macho puña unha orquídea no novo niño para atraer á femia.

Tal era o meu interese que me convertín no subministrador de bichos de don Gregorio e el acolleume como o mellor discípulo. Había sábados e festivos que pasaba pola miña casa e íamos xuntos de excursión. Percorríamos as beiras do río, as gándaras, a fraga, e subíamos ao monte Sinaí. Cada viaxe desas era para min como unha rota do descubrimento. Volvíamos sempre cun tesouro. Unha mantis. Un cabaliño do demo. Un escornabois. E unha bolboreta distinta de cada vez, aínda que eu só recorde o nome dunha é que o mestre chamou Iris, e que brillaba fermosísima pousada na lama ou no esterco.

De regreso, cantabamos polas corredoiras como dous vellos compañeiros. os luns, na escola, o mestre dicía: "E agora imos falar dos bichos de Pardal".

Para os meus pais, esas atencións do mestre eran unha honra. Aqueles días de excursión, a miña nai preparaba a merenda para os dous. "Non fai falta, señora, eu xa vou comido", insistía don Gregorio. Pero á volta, dicía: "Gracias, señora, exquisita a merenda".

"Estou segura de que pasa necesidades", dicía a miña nai pola noite. "Os mestres non gañan o que tiñan que gañar", sentenciaba, con sentida solemnidade, o meu pai. "Eles sons as luces de República".

"¡A República, a República! ¡Xa veremos onde vai parar a República!"

O meu pai era republicano. A miña nai, non. Quero dicir que a miña nai era de misa diaria e os republicanos aparecían como inimigos da Igrexa. Procuraban non discutir cando eu estaba diante, pero ás veces sorprendíao.

"¿Qué tes ti contra Azaña? Esa é cousa do cura, que vos anda quentando a cabeza".

"Eu á misa vou rezar", dicía a miña nai.

"Ti, si, pero o cura non".

Un día que don Gregorio veu recollerme para ir buscar bolboretas, o meu pai díxolle que, se non tiña inconveniente, lle gustaría tomarlle as medidas para un traxe".

O mestre mirou arredor con desconcerto.

"É o meu oficio", dixo o meu pai cun sorriso.

"Respecto moito os oficios", dixo por fin o mestre.

Don Gregorio levou posto aquel traxe durante un ano e leváboo tamén aquel día de xullo de 1936 cando se cruzou comigo na alameda, camiño do concello.

"¿Qué hai, Pardal? A ver se este ano podemos verlles por fin a lingua ás bolboretas". Algo estraño estaba a suceder. Todo o mundo parecía ter présa, pero non se movía. Os que miraban para a dereita, viraban cara á esquerda. Cordeiro, o recolledor de lixo e follas secas, estaba sentado nun banco, preto do palco da música. Eu nunca vira sentado nun banco a Cordeiro. Mirou cara a arriba, coa man de viseira. Cando Cordeiro miraba así e calaban os paxaros era que viña unha treboada.

Sentín o estrondo dunha moto solitaria. Era un garda cunha bandeira suxeita no asento de atrás. Pasou diante de concello e mirou cara aos homes que conversaban inquedados no porche. Berrou: "¡Arriba España!" E arrincou de novo a moto deixando atrás un ronsel de estalos.

As nais comezaron a chamar polos nenos. Na casa, parecía ter morto outra vez a avoa. O meu pai amoreaba cobichas no cinceiro e a miña nai choraba e facía cousas sen sentido, como abrir a billa de auga e lavar os pratos limpos e gardar os sucios.

Petaron á porta e os meus pais miraron o pomo con desacougo. Era Amelia, a veciña, que traballaba na casa de Suárez, o indiano.

"¿Sabedes o que está pasando? Na Coruña os militares declararon o estado de guerra. Están disparando contra o Goberno Civil".

"¡Santo ceo!", persignouse a miña nai. "E aquí", continuou Amelia en voz baixa, como se as paredes oíran, "disque o alcalde chamou ao capitán de carabineiros pero que este mandou dicir que estaba enfermo".

Ao día seguinte non me deixaron saír á rúa. Eu miraba pola fiestra e todos os que pasaban me parecían sombras encollidas, como se de súpeto caera o inverno e o vento arrastrara aos pardais da Alameda como follas secas. Chegaron tropas da capital e ocuparon o concello. Mamá saíu para ir á misa e volveu pálida e tristeira, como se se fixera vella en media hora.

"están pasando cousas terribles, Ramón", oín que lle dicía, entre saloucos, ao meu pai. Tamén el envellecera. Peor aínda. Parecía que perdera toda vontade. Esfondárase nun sillón e non se movía. Non falaba. Non quería comer. "Hai que queimar as cousas que te comprometan, Ramón. Os periódicos, os libros. Todo".

Foi a miña nai a que tomou a iniciativa aqueles días. Unha mañá fixo que o meu pai se arregrara ben e levouno con ela á misa. Cando voltaron, díxome: "Veña, Moncho, vas vir connosco á alameda". Tróuxome a roupa de festa e, mentres me axudaba a anoar a gravata, díxome en voz moi grave: "Recorda isto, Moncho. Papá non era republicano. Papá non era amigo do alcalde. Papá non falaba mal dos curas. E outra cousa moi importante, Moncho. Papá non lle regalou un traxe ao mestre".

"Si que llo regalou".

"Non, Moncho. Non llo regalou. ¿Entendiches ben? ¡Non llo regalou!".

Había moita xente na Alameda, toda con roupa de domingo. Baixaran tamén algúns grupos das aldeas, mulleres enloitadas, paisanos vellos de chaleco e sombreiro, nenos con aire asustado, precedidos por algúns homes con camisa azul e pistola ao cinto. Dúas fileiras de soldados abrían un corredor desde a escalinata do concello ata uns camiões con remolque atoldado, como os que se usaban para transportar o gando na feira grande. Pero na alameda non había o balbordo das feiras senón un silencio grave, de Semana Santa. A xente non se saudaba. Nin sequera parecían recoñecerse os uns aos outros. Toda a atención estaba posta na fachada do concello.

Un garda entreabriu a porta e percorreu o xentío coa mirada. Logo abriu de todo e fixo un aceno co brazo. Da boca escura do edificio, escoltados por outros gardas, saíron os detidos, ían atados de mans e pés, en silente cordada. Dalgúns non sabía o nome, pero coñecía todos aqueles rostros. O alcalde, os dos sindicatos, o bibliotecario do ateneo Resplandor Obreiro, Charli, o vocalista da orquestra Sol e Vida, o canteiro a quen chamaban Hércules, pai de Dombodán... E ao cabo da cordada, chepudo e feo como un sapo, o mestre.

Escoitáronse algunhas ordes e berros illados que resoaron na Alameda como petardos. Pouco a pouco, da multitude foi saíndo un ruxe-ruxe que acabou imitando aqueles alcumes.

"¡Traidores! ¡Criminais! ¡Roxos!"

"Berra ti tamén, Ramón, polo que máis queiras, ¡berra!". A miña nai levaba collido do brazo a papá, como se o suxeitara con toda a súa forza para que non desfalecera. "¡Que vexan que berras, Ramón, que vexan que berras!" E entón oín como o meu pai dicía "¡Traidores!" cun fio de voz. E logo, a cada vez máis forte, "¡Criminais! ¡Roxos!" Soltou do brazo á miña nai e achegouse máis á fileira dos soldados, coa mirada enfurecida cara ao mestre. "¡Asasino! ¡Anarquista! ¡Comenemos!"

Agora mamá trataba de retelo e tiroulle da chaqueta discretamente. Pero el estaba fóra de si. "¡Cabrón! ¡Fillo de mala nai!" Nunca lle escoitara chamar iso a ninguén, nin sequera ao árbitro no campo de fútbol. "A súa nai non ten a culpa, ¿eh, Moncho?, recorda iso". Pero agora volvíase cara a min entolecido e empuxábame coa mirada, os ollos cheos de bágoas e sangue. "¡Bérralle ti tamén, Monchiño, bérralle ti tamén!"

Cando os camiões arrincaron cargados de presos, eu fun un dos nenos que corría detrás lanzando pedras. Buscaba con desespero o rostro do mestre para chamarlle traidor e criminal. Pero o convoi era xa unha nube de po ao lonxe e eu, no medio da alameda, cos puños pechado, só fun capaz de murmurar con rabia: "¡Sapo! ¡Tilonorrinco! ¡Iris!"

(De *Que me queres, amor?*).

LERÍAN VOSTEDES, nestas páxinas, a crónica de Alberto Mahía sobre ese xordomudo que están xulgando por insultar a uns axentes da autoridade. Se a leron saberán que non usou a mímica, coa que tanto e tan ben se pode insultar, senón que o fixo de palabra, que é o raro nun xordomudo. O xuízo está transcorrendo na Coruña por medio dun intérprete do idioma dos signos, nun silencio sepulcral, pero aínda así os policías, nada menos que cinco, seguen a reafirmarse na súa denuncia. «Fillos de puta», «maricóns» e «cabróns», din que lles chamou este mudo que ademais de falar fala así de mal, cando o levaban á comisaría por armar lío nun bar. O fiscal pide nada menos que un ano de prisión. Por iso e máis por, supostamente, agredir ós policías; porque, mudo ou non mudo, din que o que non era é manco. En fin, non entrarei no fondo do asunto. Que sexa o xuíz quen decida se é que o mudo fala mellor do que parece ou se son os policías quen oen peor do que cren. O que me abraia, en realidade, é que se exclúa, así de primeiras, a explicación máis obvia. Isto é: o milagre. Precedentes hai abondo. No *Diccionario dos milagres* de Eça de Queirós figuran todos os prodixios (por orde alfabética, para facilitar a localización) desde o da perdiz asada de Santa Hildegarda de Binen ata San Narcís e o seu xustamente célebre milagre das moscas. Desgraciadamente, non teño o meu exemplar a man pero, se non recordo mal, o prodixio do mudo que recupera o verbo é un dos máis socorridos (todo hai que dicilo, normalmente o recupera para dicir cousas máis santas). Nin nego nin afirmo, e deixo ós doutores da Igrexa a cuestión de se o Todopoderoso se manifestou por fin, quizais por primeira vez, na Coruña ou non. O que fago notar é o cambio dos tempos. Noutras idades, estes policías hoube-sen caído a terra elevando pregarías para logo irse de peregrinos a Compostela, e a historia tería sido pasmo de hercúlinos. ¿Que sucede agora? Que agás Alberto Mahía e máis eu, ninguén divulga o prodixio e que os axentes, lonxe de cambiar os seus uniformes polo bordón e a cabaza, poñen unha denuncia nun xulgado de primeira instancia. ¡Que tempos sen misterio! Non é estraño que os santos cada vez se aparezan menos.

(De *Escrito en cafeterías*).

Darío Xohán Cabana

A ILLA (fragmento)

Empezaban a ser grandes os días, e nós xa tiñamos o barco coas as costelas cubertas de coiro ben emboutado, agardando á beira do mar, na choza da praia. Cargamos a carne salpresa e as outras mantenzas, e foles con auga. Entre eles disimulamos a cervexa roubada na casa comunal, quizabes non a escuso de quen debía gardala, senón coa súa cumplicidade secreta. Metemos as mercancías, lixeiras e valiosas, e as armas prá nosa defensa. Eramos doce os mariñeiros, netos do mesmo avó, netos do rei noso de brancas barbas e aguda vista.

Ó caer da noite xuntámonos todos no alto da praia. O mar lambía suavemente a proa do noso fermoso navío, e os rapaces máis novos envexaban a nosa fortuna. Prendéronse lumes e espetáronse veados, orgulloso botín. O olor da comida e as laparadas acendían as caras. Chegou noso avó rodeado do consello de anciáns, e comemos, e bebemos cervexa.

O bardo cantou as corenta quartetas do mar. Os anciáns do consello fóronse prás súas cabanas, mais noso avó ficou canda nós toda a noite, rodeado por nós. Os seus ollos brillaron coas últimas lapas. Nosoutros eramos agora o seu consello, e el ría. Bailou ó redor da fogueira, e cantou outra vez unha historia. Había unha torre na historia, e un día moi claro, e unha illa no lonxe. Despois adormeceu, rodeado de nós, sobre a area. Xa todos marcharan. Os pícaros baixaron ó amencer. Nosoutros subimos na nau, e apuxaron. O avó apuxaba e choraba un pouco. Levantamos as velas, e o vento levounos deica a liña do mar. Na praia, o avó parecía pequeno, xa lonxe. Dobramos

a punta que nos defende das tempestades.

O mar é moi grande, á esquerda nosa. Pola dereita vemos terra, e acóuganos o corazón. O sol érguese por onde marca a nosa proa. Hai árbores e pequenos vilares. Algúns invítannos a desembarcar, con almenaras contra a noiña. Pero nosoutros queremos chegar máis lonxe. A primavera convida, pero nós temos présa. Algunhas veces o mar línguese co po das flores, nas bocas dos ríos, e o vento arremuíñanos bolboretas ó redor do mastro.

Moi grande é o mar, e cansa. Desembarcamos pra coller auga nun lugar senlleiro. Decidimos pasar unha noite na terra, por asegurar os nosos pés. Caía a noite cando chegaron cazadores armados con arcos. Corremos cara ó barco, pero eles chamáronnos con palabras descoñecidas, pousando os arcos no chan. Acenderon lume e espetaron un xabaril. Nós fomos ó barco catar un fol de cervexa, e fixemos festa. Cando nos separamos, déronnos a carne sobra, que aínda era moita. Nosoutros agasallámoslos con tres puntas de frecha das nosas forxas. Moito nolas estimaron con risas e acenos, e con algunhas palabras que de nós aprenderan. Nosoutros contestamos con algunhas das súas.

As costas verdegan e cambian as flores. O sol sáenos pola banda de arca. A primavera medra á dereita, e o mar é aberto pola esquerda, sen fin. Vemos pasar peixes enormes que nadan pola tona da auga, semellantes a illas. Hai algúns que son illas, con fontes de auga a pradelas no lombo. Son máis grandes aínda, e os máis grandes entre eles teñen cidades no seu interior, poboadas de xente. Pero nós non os vimos.

O mar está sempre en calma. As gaivotas e as andoriñas do mar véñense pousar no barco, sen medo, e piden a tripallada dos peixes que pillamos. A cervexa estase acabando. Se cadra a noso avó non lle gustou moito que lle roubasemos a cervexa: el sempre ten sede, e auga non quere. Ás veces baixamos á terra por auga. Ás veces encontramos con xente, pero miránnos de lonxe e ninguén se mete con nós. Nosoutros cantamos, falamos e rimos. Ás veces lembramos a nosa praia, e as cabanas na rocha sobre do mar, e a torre de noso avó. Entón calamos.

Levamos varios días co sol arraiándonos pola popa. Axiña chegaremos á estrema do mundo. Pola banda de arca hai terra que nosos pais camiñaron. Pola banda de couso hai mar que nosos pais navegaron. Pero a estrema do mundo está cerca, e de alí non pasaron os nosos pais. Máis aló ten que haber unha illa.

(De Mitos e memorias).

1.2.9 Literatura de posguerra

TEATRO

Álvaro Cunqueiro

O INCERTO SEÑOR DON HAMLET

ESCENA III

Á metade da parrafada última do Coro, comeza a baixar polas escaleiras Laertes, irmán de Ofelia. Mozo novo, moi franco e respeitoso.

LAERTES

¡Príncipe Hamlet, contén esas bágoas! Ergue esa nobre testa, tan querida de meu. Un príncipe está no mundo de xeito ben diferente a como estea un home calquera. Dificultosamente pode haber no mundo un príncipe que non estea mergullado no corazón dun crime, nun vaso de insomnio, envolteito nunha capa de medo. A púrpura real, nestes tempos ¿que é senón unha cunca sempre presta a ser chea dun sangue imprevisto? O poder real é tan fráxil coma sagrado. Non era teu pai pero, pero era un grande señor, unha verba derradeira, unha espada ousada, un artigo de fe. E foi asasinado. Dixocho el mesmo: un Rei xa defunto xurando entre o vento, nas ameas máis altas, pola súa salvación, que dicía verdade. Foi asasinado. ¿Diche o teu corazón que tes de vingalo? Nos seus xeonllos estabas cada día. Pasaba a súa man pola túa testa, e despois, colléndote do bico, gardaba longo para ti, en silencio. ¡Caladas horas felices!, diría un que pasase a carón de vós. E non, Hamlet, non.

CORO

O que estivese no segredo diría: busca aquilo de que sospeita.

HAMLET

Collía as miñas mans entre as súas e levábamas ás barbas para que xogase. Preguntábame, sorrindo: ¿quen son eu?

LAERTES

E ti dirías: “¡Meu pai, el señor Rei!”. ¡Iso era o que el quería! Tiñate a furto do outro. Eras unha peza de ouro roubada a mediodía, á vista da xente. Tiñate a furto. Ergúiate contra o outro. Desembainábate coma unha espada de precio, na sombraafiada. Pouco a pouco, contra o outro. Diciache: un rei é coma un funámbulo de Venecia que pasa nun aramio unha praza, dunha esquina a outra; hai moitas mans prestas a afrouxa-lo aramio, ou a tensalo en demasía; e entón eu caio nos coios.. Un rei morto e un solemne funeral. Sospeitabas do outro. Confesa, Hamlet. Estás entre amigos: sospéitáche-lo primeiro día da aparición da man do outro no veneno.

HAMLET

Unha man fina, viva, resolta, delicada, as unllas pulidas con lima de Flandes. Unha man inqueda, unha verba de cinco sílabas acordadas, seductora, un país de anelos relucentes, unha baluga de mel ¿Miras como a pouxa, ben aberta, sobre do peito, e como unha moxena xa está a man na cadea de ouro que leva ó colo, e a seguido no empuño da espada, ou vén cara a ti, pechada, apoiando un argumento, e abre no áer como unha flor? Desque sospeitei desa man, fixen nela estudos que avultan o que a glosa de Boloña.

LAERTES

Si, unha fermosa man. Desque unha vegada, ó acaso, descubres can rica de movementos é, e vario dicir, xa non sabes aparta-los ollos dela. ¡Estaba, si, na copa de veneno no camiño de Bohemia.!

HAMLET

Debeu de erguer a copa sen hesitar, sen un tremor, tres dedos na cogula, decorados de finas esmeraldas e brilladoras xerigonzas, e dous dobrados no pe. E ben seguro que dixo a man máis que a boca: ¡Bo proveito!

LAERTES

Na sombra, Hamlet, señor e amigo, eras sen sabelo erguido, sospeita a sospeita, verba a verba. E matarías. Chegado o momento matarías. ¿Matarías? Si, hamlet, matarías. Porque o outro estaba tamén no teu camiño. Matarías na noite, na impunidade. Aínda que soubeses que era o teu verdadeiro pai, ou tamén por iso. Fuches criado para iso. Fuches, dígocho eu, coidado coma un puñal con man de ouro e pedras de preciosas, que viñera das forxas de Londres, e lle tiveran posto na folla unha lenda real: *Para ben servir*.

HAMLET

¿Nos xeonllos reais, entón, eu non era máis ca iso, unha arma ambaiñada que agarda unha alarma? ¡Colgaba, iso si, dun rico cinturón!

O escenario representa o espellado café de Lorraine, onde se cocen os proxectos culturais da Democracia.

Entran na sala algúns espectadores, conducidos polo guía.

GUÍA.- Acompañenme, señoras e señores. Eu son o Guía. E esta é Lorraine, a Cidade. O escenario representa un café. Vexan o rótulo: CAFÉ DE LOROGNE. Espellos, mesas, perspectivas. Os espellos son imprescindíbeis. Sen eles faltaríanos a alma de Lorraine, simbolizada por esas figuras reflectidas no cristal: o Actor, o Poeta, a Activista, a Orfa, o Músico. Eles son o espírito da Cidade, esa elite magnífica de Lorraine que aparece hoxe aquí, no escenario, para dar fe da auténtica ruptura co pasado. Acabouse o modelo feudal de sociedade, tristemente lonxevo e cataléptico. Acabáronse as relacións de dominio, baseadas no medo dos cidadáns á liberdade. Acabouse, en fin, o abuso, e agora comeza o uso. Eis o sentido desta fábula e máis da representación teatral de hoxe. *(Sobe ao proscenio)*. Naturalmente, o Músico- a obra que van a ver é fantasía, puro teatro. Estes seres – o Actor, o Poeta, a Activista, a Orfa- nunca existiron no mundo real: son entes, criaturas de ficción. Como tampouco existe, nunca existiu, Lorraine, a Cidade. É un símbolo. E as situacións que irán surxindo, puras entelequias creadas polos actores para divertir e, todo hai que dicilo, para xuntar fondos en vistas a esa grande obra de reconversión social que en certo modo anticipamos hoxe co noso traballo. Hoxe, señoras e señores, os artistas de A LARVA FURIOSA van pór a primeira pedra do que logo ha resultar un edificio portentoso, o monumento á nova era que os cidadáns arelamos: a Era da Cultura, o Imperio da Abundancia Espiritual. Non hai dúbida, señoras e señores: existimos: Non somos fantasmas, somos o Teatro: unha fe con maiúsculas, unha ousadía sen corchetes. Suban ao palco, señoras e señores. Escollan as súas mesas. E música. *(Ilumínanse os espellos coas figuras dos actores. O músico toca unha peza antiga. O primeiro en saír do seu espello é o Actor)*. Vexan, este é o Actor. Agora está no camarín, despois de ter ousado un papeliño na obra de don Rafael Dieste A FIESTRA VALDEIRA. Reparen no atuendo mariñeiro, de Rianxo, que aínda non tivo tempo de mudar.

ACTOR.- Que fai toda esta xente aquí. Fóra, é que non saben onde están. Este é o santuario dun actor, non un campo de fútbol.

GUÍA.- Terán que desculpar o Actor, está desacougado. Acaban de anunciarlle unha visita inesperada e necesita concentración. Concéntrate.

POETA.- Merda., merda, merda e máis merda.

GUÍA.- O Poeta .O seu oficio é xogar coas palabras, proclamar a liberdade de expresión. *(Látego)*. Concéntrate.

ACTIVISTA.- Vós tamén sodes tigres de papel. O mundo enteiro é un tigre de papel.

GUÍA.- A Activista. Agora está nun mitin en Mondoñedo, a patria de Cunqueiro. *(Látego)*. Concéntrate.

ORFA.- Eu quero voltar para a miña casa. Eu aquí non me afago. Morro.

GUÍA.- A Orfa. Montañesa. Transplantada a Lorraine por causa dun pecado familiar-é de palleiro-, agora fai de camareira nun café, no Café de Lorraine, onde nos encontramos. *(Látego)*. Concéntrate. *(O músicoponse a tocar uns blues)*. O Músico. Fillo da Camareira e igual que ela, orfo de pai –disque fora enxendrado nun cinema, onde botaban unha de Johnny Weissmüller. *(Látego)*. Concéntrate. *(Faise un silencio letal na sala)*. Atención, señoras e señores espectadores: a función vai començar.

(Os intérpretes sitúanse diante dos seus espellos respectivos e comenzan a falar coas súas imaxes respectivas).

(De A larva furiosa).

(O Tío Sam e o Home da Gabardina, diante do magnetófono, falando)

O TÍO SAM: ¡E durmiu! Carallo que se durmiu. Ó Xudeo non lle quitaba o sono nin a morte dun rexemento, así que moito menos a daquel pobre rapaz. Se cadra, porque, según dicían, tiña demasiadas ó lombo, de cando a guerra. E mesmo de despois, de cando foi da policía. ¿Pódolle falar con franqueza?

O HOME DA GABARDINA: Espero que o faga.

O TÍO SAM: Non lle envexo o choio ese que ten, Johnny.

O HOME DA GABARDINA: (Sorpresa) ¿Cal?

